



Facultade de Filoloxía e Tradución

(*)

Horarios

Horarios

http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=74

Grao en Tradución e Interpretación

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G230V01101	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego	1c	6
V01G230V01102	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español	1c	6
V01G230V01103	Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés	1c	9
V01G230V01104	Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés	1c	9
V01G230V01105	Idioma moderno: Idioma 2, I: Inglés	1c	9
V01G230V01106	Idioma moderno: Idioma 2, I: Francés	1c	9
V01G230V01107	Idioma moderno: Idioma 2, I: Alemán	1c	9
V01G230V01108	Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués	1c	9
V01G230V01109	Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática	1c	6
V01G230V01201	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego	2c	6
V01G230V01202	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español	2c	6
V01G230V01203	Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés	2c	6

V01G230V01204	Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés	2c	6
V01G230V01205	Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés	2c	6
V01G230V01206	Idioma moderno: Idioma 2, II: Francés	2c	6
V01G230V01207	Idioma moderno: Idioma 2, II: Alemán	2c	6
V01G230V01208	Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués	2c	6
V01G230V01209	Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación	2c	6
V01G230V01210	Introdución á teoría da tradución e a interpretación	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego**

Materia	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego			
Código	V01G230V01101			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición				
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Palacio Sánchez, José Antonio			
Profesorado	Palacio Sánchez, José Antonio			
Correo-e	xpalacio@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Visión sistemática da normativa que rexe o uso da lingua galega, para que o alumnado chegue a te-lo dominio necesario da norma gramatical que lle permita producir textos con corrección. Nas clases presentaranse e comentaranse os diferentes aspectos da normativa actual: ortografía, morfoloxía, léxico e sintaxe e estudaranse polo miúdo os que presenten unha aplicación máis problemática. O punto de partida é o nivel C2 do Marco de referencia europeo para a aprendizaxe de linguas.			

Competencias

Código	
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT6	Capacidade de xestión da información
CT9	Razoamento crítico
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Analizar e avaliar criticamente textos orais e escritos en lingua galega.	CE3 CE4 CE18 CE22 CE27 CE33	CT1 CT6 CT9 CT15 CT23
Adquirir ou completar con coñecementos teóricos unha expresión oral e escrita en galego correcto, adecuado e coherente.	CE3 CE4 CE25 CE33	CT1 CT15 CT22
Adquirir autonomía para producir e corrixir textos orais e escritos, utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega.	CE3 CE4 CE18 CE24 CE33	CT1 CT14 CT15

Contidos

Tema

1. A norma escrita da lingua galega	1.1. Os grafemas, os seus valores e usos 1.2. Acentuación 1.3. Signos ortográficos 1.4. Grupos consonánticos 1.5. Paradigmas morfolóxicos do galego
2. Morfosintaxe	2.1. O artigo 2.2. O substantivo e o adxectivo 2.3. O pronome persoal (formas, contraccións, concorrencia de pronomes, dativo de solidariedade e de interese interferencias, colocación, interpolación) 2.4. Posesivos e demostrativos (formas, contraccións, usos especiais) 2.5. Cuantitativos e indefinidos 2.6. O verbo (morfoloxía, usos e valores dos tempos, formas nominais, perífrases verbais) 2.7. O adverbio 2.8. A preposición 2.9. A conxunción
3. Tipos de textos	3.1. O texto e as súas propiedades: a coherencia, a cohesión, a adecuación. 3.2. Os conectores textuais. 3.3. Tipos de textos: xornalísticos, publicitarios, científicos, administrativos.
4. O estándar oral galego	4.1. Pronuncia das vogais abertas e pechadas, da nasal velar e da fricativa prepalatal xorda. 4.2. Os grupos cultos. 4.3. Elisións e contraccións na cadea fónica.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	12	12
Sesión maxistral	32	64	96
Traballos tutelados	0	8	8
Outros	0	18	18
Traballos de aula	12	0	12
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os alumnos deberán entregar cada semana [aproximadamente] e nas datas fixadas un comentario dirixido dun texto que se lles proporcionará. En conxunto, son doce textos que están á disposición do alumnado no servizo de reprografía da facultade. Os comentarios deben ser persoais, e penalizaranse moito a copia e o plaxio.
Sesión maxistral	Impartirase 1 hora e media de teoría tódolos luns.
Traballos tutelados	Traballo individual de aproximadamente 5 folios sobre unha das obras de lectura obrigatoria. Máis có contido, é imprescindible a corrección do texto: redacción (puntuación, sintaxe, ortografía), léxico, tipografía... O traballo entregarase antes do 1 de decembro de 2015. A copia ou o plaxio serán motivo para que este traballo non se cualifique.
Outros	Lectura de tres obras indicadas ó final da Bibliografía (Taylor, Molina e Dahl). Realización dun traballo individual sobre unha delas (Vid. «Traballos tutelados»). No exame final haberá unha pregunta para comprobar que se leron as tres.
Traballos de aula	Consistirán na realización de prácticas sobre os aspectos tratados na explicación teórica. Faranse na última media hora dos luns e nas clases dos mércores.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Para consultar algunha dúbida, o alumno pode facelo na clase, nas horas de titoría ou por correo electrónico.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Realización correcta dos 12 comentarios dirixidos. Son textos cunhas cuestións que o alumno deberá responder coa axuda das fontes que precise. O profesor corruxirá as respostas e o alumno deberá facer de cada texto unha 2ª versión definitiva. O final de curso, o alumno entregará os 24 textos nunha única carpeta.	20	CE18 CE25 CE33	CT1 CT14 CT15
Traballos tutelados	Un traballo individual de aproximadamente 5 folios sobre unha das obras de lectura obrigatoria. Máis có contido, é indispensable a corrección formal do texto: redacción, puntuación, ortografía, léxico, tipografía. O traballo entregárase antes do 1 de decembro de 2015.	10	CE4 CE25 CE33	CT9 CT14 CT23
Resolución de problemas e/ou exercicios	Haberá dúas probas. 1ª: novembro, primeira quincena; control de dominio total das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. Esta parte deberán repetila ó final do cuadrimestre tódolos alumnos que non consigan unha puntuación de 60 puntos (de 100). 2ª proba: 2ª semana de decembro; resolución de exercicios de uso de pronomes, perífrases, infinitivos conxugados e calquera aspecto referido ós contidos que figuran no programa. Corrección, para que quede nun galego correcto, dun texto deturpado. Ademais, comprobación da lectura das tres obras que o profesor indique.	70	CE3 CE4 CE18 CE33	CT1 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para acollerse ó sistema de avaliación descrito, o alumnado deberá asistir, polo menos, ó 80% das clases (teóricas e prácticas). As porcentaxes indicadas soamente se aplicarán nos casos en que o alumno realice as dúas probas previstas e entregue os 12 comentarios dos textos e mailo traballo sobre a obra de lectura. Os alumnos que se acollan ó sistema de avaliación única, deben presentarse a un exame que se celebrará na segunda semana de decembro. Este exame será similar ó que se propoñerá para a segunda edición das actas (xullo) e constará de dúas partes: Na 1ª, os alumnos deberán demostra-lo dominio das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (acentuación, uso do guión, grupos consonánticos, contraccións, formación do plural, formación do feminino, paradigmas verbais, adverbios e locucións adverbais, etc.); se nesta parte o alumno obtivese menos de 40 puntos (de 100), non se corruxirá a 2ª parte. Na 2ª parte (Morfosintaxe), o alumno deberá facer correctamente exercicios de uso de pronomes, perífrases, infinitivos conxugados e calquera aspecto referido ós contidos que figuran no programa. Así mesmo, deberá corruxir, de modo que quede nun galego correcto, un texto que se lle entregará deturpado. Farase media entre as dúas partes. Non se gardará para outro curso ningunha puntuación das obtidas nos exames. A adquisición do galego oral comprobarase nas clases prácticas. Con todo, para verifica-lo dominio da lingua falada, o profesor convocará a unha entrevista ós alumnos que non o teñan ó comezo do curso. Os alumnos que escollan o sistema de avaliación única tamén deberán face-las lecturas obrigatorias, sobre as que se lles formularán, oralmente ou por escrito, algunhas cuestións tendentes a comprobar que as leron. Seguirase o mesmo sistema cos alumnos que opten pola modalidade non presencial e con tódolos que concorran a unha 3ª convocatoria ou posteriores.

Bibliografía. Fontes de información

NAVAZA BLANCO, G. (coord.), **Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos**, Vigo: Edicións Xerais, Real Academia Galega, **Diccionario da RAG**, <http://www.realacademiagalega.org/diccionario>,
PENA, X. A. (dir.) et alii, **Gran diccionario Cumio da lingua galega**, Vigo: Edicións do Cumio,
REAL ACADEMIA GALEGA, **Diccionario da Real Academia Galega**, Real Academia Galega academiagalega.org/diccionario,
RAG/ILG, **Vocabulario ortográfico da lingua galega**, <http://ilg.usc.es>,
XOVE FERREIRO, Xosé (coord.), **Novo diccionario da lingua galega**, Santiago de Compostela: Obradoiro-Santillana,
REAL ACADEMIA GALEGA, **Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega**, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza,
LEDO CABIDO, B. (dir), **Diccionario da lingua galega**, Vigo: Ir Indo,
FERNÁNDEZ SALGADO, coord.), **Diccionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega**, Vigo: Galaxia,
REAL ACADEMIA GALEGA/INSTITUTO DA LINGUA GALEGA, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, RAG-ILG,
CARBALLEIRA ANLLO, X. Mª (coord.), **Gran diccionario Xerais da lingua**, Vigo: Edicións Xerais,
HERMIDA GULÍAS, C., **Gramática práctica (Morfoxintaxe)**, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco,
FREIXEIRO MATO, X.R., **Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe**, Vigo: A Nosa Terra,
DOSIL, B. e RIVEIRO, X., **Diccionario de ortografía da lingua galega**, A Coruña: Galinova,
ÁLVAREZ BLANCO, R. e XOVE, X., **Gramática da lingua galega**, Vigo: Galaxia,
ÁLVAREZ BLANCO, R., H. MONTEAGUDO e X. L. REGUEIRA, **Gramática galega**, Vigo: Galaxia,
VOX-BIBLOGRAF, **Diccionario esencial Vox galelén, castelano-gallego**, Barcelona: Bibliograf,
GONZÁLEZ REI, B., **Ortografía da lingua galega**, A Coruña: Galinova,
PENA, X. A. (direc.), **Gran diccionario Século 21 da lingua galega**, Edic. do Cumio/Edit. Galaxia,
REGUEIRA, Xosé Luís, **Un modelo de estándar oral para a lingua galega**, D. Kremer (ed.) Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos (La Habana),

LONDON, Jack, **A chamada da natureza**, Vicens-Vives,

DAHL, Roald, **Voando só**, Rinoceronte,

MOLINA, M^a Isabel, **O ferreiro da lúa chea**, Obradoiro,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A1, II: Introducción ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301

Outros comentarios

Para aproba-la materia, os alumnos do programa Erasmus deberán ter un nivel avanzado de coñecemento (C2) de, polo menos, unha das dúas linguas de traballo: galego e castelán.

Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo diario e continuado.

Aconséllase a consulta periódica de <http://ocartafol.usc.es> ou de

<http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/uip/index.html>) e a subscrición ó Boletín de recomendacións da Fundación del Español Urgente (www.fundeu.es).

DATOS IDENTIFICATIVOS**Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español**

Materia	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español			
Código	V01G230V01102			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rodríguez Barcia, Susana			
Profesorado	Rodríguez Barcia, Susana			
Correo-e	barcia77@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes dunha das súas linguas maternas, o español. Ademais, a materia incide na aplicación práctica da norma académica adaptada á construción de discursos orais e escritos de carácter formal en contextos comunicativos diversos.			

Competencias

Código			
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.		
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.		
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.		
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.		
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.		
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral		
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo		
CE10	Capacidade de traballo en equipo		
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica		
CE27	Capacidade de razoamento crítico		
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia		
CT12	Traballo en equipo		
CT15	Aprendizaxe autónoma		
CT18	Creatividade		
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica		
CT23	Capacidade de traballo individual		

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión escrita.	CB2 CB3	CE4	CT1
Ampliar o repertorio léxico e textual na lingua materna español.	CB1	CE3	CT15 CT23
Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise, creación e revisión de todo tipo de textos.	CB2	CE10 CE18	CT1 CT18
Capacitar ao alumnado para analizar, sintetizar e extraer de forma crítica a información principal e secundaria dunha manifestación discursiva oral ou escrita e poñela en común.	CB4	CE18 CE27	CT12
Proporcionarlle a información e ferramentas necesarias ao discente para que manexe con soltura os recursos bibliográficos de calidade que contribúan a un óptimo desenvolvemento das actividades profesionais de corrección, tradución e interpretación textual.	CB5	CE4 CE27	CT22

Contidos

Tema	
Tema 1. Aspectos avanzados da ortografía do español.	1.1. Últimos cambios normativos. 1.2. Uso de signos ortográficos. 1.3. Maiúsculas e minúsculas. 1.4. Dificultades específicas.
Tema 2. Ortotipografía.	2.1. Ortotipografía dos elementos tipográficos. 2.2. As referencias bibliográficas.
Tema 3. Textura discursiva.	3.1. Coherencia e cohesión textual. 3.2. Xéneros discursivos e secuencias textuais. 3.3. Modos de organización do discurso.
Tema 4. Aspectos avanzados da comunicación en español.	4.1. A produción do discurso oral. 4.2. Xéneros discursivos orais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	3	5
Sesión maxistral	18	45	63
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	14	21	35
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	18	24
Traballos de aula	4	8	12
Probas de tipo test	2	0	2
Traballos e proxectos	2	7	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividade introdutoria. Durante a primeira sesión buscarase recoller información sobre os coñecementos de partida, os intereses e as motivacións dos discentes. Ademais da presentación da materia, farase unha pequena proba inicial (non puntuable na avaliación final) que servirá como valoración de nivel.
Sesión maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos xerais da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e metodoloxías de análise. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos claros que aseguren a comprensión dos contidos. Ocasionalmente poderán estar apoiadas por presentacións.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Formularanse na aula ou a través da plataforma TEMA unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada nas clases. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para reforzar os coñecementos que se van adquirindo.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formularanse na aula unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada nas clases. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para reforzar os coñecementos que se van adquirindo. Neste caso, non se realizarán de forma autónoma, senón coa colaboración de todo o alumnado na liña dos debates, discusións e posta en común de información.
Traballos de aula	Actividade práctica orientada na aula polo docente. Aínda que o alumnado poderá traballar de forma autónoma na materia, estes traballos de aula terán como obxectivo a proposta de certas actividades que se desenvolverán coa colaboración de alumnos e docente durante catro sesións presenciais dunha hora cada unha.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes.
Probas	Descrición

Traballos e proxectos Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes.

Avaliación					
Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Probas de tipo test	Consistirá nun exame tipo test que abordará os contidos do curso. Realizarase na última sesión teórica do cuadrimestre.	25	CB1	CE4	CT1 CT23
Traballos e proxectos	Consistirá na elaboración de tres traballos propostos na clase e a través de faitic nos que se avaliará a competencia do alumnado no relativo ao dominio das técnicas e mecanismos de corrección, síntese e redacción dun texto. Os traballos deben subirse a faitic (apartado de exercicios) e a data límite de entrega fixarase nesta plataforma. O último dos traballos será exposto oralmente nas clases prácticas do mes de novembro de 2015.	75	CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE10 CE18 CE27	CT12 CT15 CT18 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

Ao inicio do curso, o alumnado deberá decidir a forma de avaliación pola que opta, é dicir, avaliación continua (asistencia regular, traballos de aula, presentacións, proxectos, probas, etc.) ou avaliación única. Os discentes que se acollan ao sistema de avaliación única realizarán un exame no que terán cabida cuestións teóricas e prácticas e que terá lugar o meso día que para o alumnado de aviación continua, na última sesión teórica do cuadrimestre. O alumnado que opte pola avaliación continua e que non supere a materia ao final do cuadrimestre poderá presentarse á convocatoria oficial de xullo e ás sucesivas convocatorias, nas que non se gardarán as cualificacións obtidas nos distintos traballos e probas. A avaliación en xullo consistirá nun exame que terá lugar na data oficial marcada pola FFT.

O estudantado Erasmus poderá realizar as probas coa axuda dun dicionario.

En todos os traballos e proxectos propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc. Se durante a corrección de actividades e traballos detéctase copia ou plaxio, os referidos traballos non se valorarán.

A entrega de exercicios e traballos farase a través de Faitic. Dos tres traballos avaliados, o último terá que exporse oralmente nas clases de prácticas do mes de novembro.

Bibliografía. Fontes de información

Briz, Antonio (coord.), **Saber hablar**, Madrid: Aguilar,
 Calsamiglia Blancafort, Helena y Tusón Valls, Amparo, **Manual de análisis del discurso**, Barcelona: Ariel,
 Cervera, Ángel, **Guía para la redacción y el comentario de texto**, Madrid: Espasa,
 Gómez Torrego, Leonardo, **Ortografía y Gramática. Las normas académicas: últimos cambios**, Madrid: SM,
 Martínez de Sousa, José, **Ortografía y ortotipografía del español actual**, Gijón: Trea,
 Real Academia Española, **Ortografía de la lengua española**, Madrid, Espasa,
 Real Academia Española, **Diccionario panhispánico de dudas**, Madrid, Santillana,
 Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española, **Nueva gramática de la lengua española**, Madrid: Espasa,
 Sánchez Lobato, Jesús (coord.), **Saber escribir**, Madrid: Aguilar,

Ao longo do curso poderán indicarse outras lecturas específicas.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A2, II: Introducción ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

Outros comentarios

Para o estudantado Erasmus, recoméndase que o nivel de español sexa como mínimo B1.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés				
Materia	Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés			
Código	V01G230V01103			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Pérez Paz, María Flor Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Profesorado	Pérez Paz, María Flor Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Correo-e	mflor@uvigo.es rosalia@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia presta atención á consolidación das competencias lingüísticas e comunicativas a nivel avanzado, prestando especial atención ás destrezas de audición e produción oral. O nivel final do curso é C1, segundo os estándares do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.			

Competencias	
Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras, con especial referencia á cultura anglosaxona e ás culturas dos países onde o inglés é lingua (co)oficial.	CB2 CB3	CE1 CE2 CE4 CE18 CE27	CT17
Proporcionar coñecementos teóricos básicos sobre os ámbitos de especialidade da interpretación consecutiva tanto de conferencias coma de enlace.			
Desenvolvemento do sentido de conciencia lingüística, dos mecanismos gramaticais e das formas de expresión do inglés.	CB4 CB5	CE1 CE4 CE18	CT15 CT23
Adquisición das habilidades de comprensión e expresión oral en inglés a nivel avanzado.	CB2 CB5	CE1 CE4 CE18	CT15 CT23

Adquisición e utilización do repertorio léxico de nivel avanzado do inglés entroncado coa temática a tratar nos contidos.	CB2 CB4 CB5	CE1 CE4 CE24	CT15 CT23
Adquisición da capacidade para desenvolverse cun nivel avanzado en inglés a través de presentacións na clase, individualmente ou en grupo.	CB2 CB4 CB5	CE1 CE2 CE4 CE10 CE11 CE18 CE24 CE27	CT3 CT9 CT12 CT17
Promoción da autonomía do alumnado para desenvolver unha competencia comprensiva de nivel avanzado de diversos tipos de textos en inglés.	CB3 CB5	CE1 CE4 CE18 CE24	CT15 CT17 CT23

Contidos

Tema	
I. THE PRONUNCIATION OF ENGLISH	<ol style="list-style-type: none"> 1. The pronunciation of vowels and consonants: <ol style="list-style-type: none"> 1.1. Phonemes and allophones: The IPA chart 1.2. Sounds and spellings 2. Word stress and sentence stress: <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Strong and weak vowels, syllables and words 2.2. Rhythm and rhymes 3. The accents of English: <ol style="list-style-type: none"> 3.1. RP, GA 3.2. Other 'Englishes' 4. Intonation: <ol style="list-style-type: none"> 4.1. Statements and questions 4.2. Other intonation patterns
II. LISTENING	<ol style="list-style-type: none"> 1. Strategies: <ol style="list-style-type: none"> 1.1. Listening for general meaning and for specific information 1.2. Coping with unknown vocabulary 1.3. Coping with different accents 2. Listening practice: <ol style="list-style-type: none"> 2.1. News programmes 2.2. Interviews 2.3. Academic lectures 2.4. TV and films
III. SPEAKING	<ol style="list-style-type: none"> 1. Speech vs. Writing: <ol style="list-style-type: none"> 1.1. Characteristics of spoken language 1.2. Register and style 2. Speaking practice: <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Ordinary conversation: making introductions, answering questions, stating an opinion 2.2. Building arguments: using language to describe, compare and contrast, hypothesise and comment upon a topic 2.3. Structuring and delivering academic presentations
IV. VOCABULARY	<ol style="list-style-type: none"> 1. British and American English vocabulary 2. The language of the media: <ol style="list-style-type: none"> 2.1. Advertising and the mass media 2.2. The language of the written press 3. Academic language: <ol style="list-style-type: none"> 3.1. From tweet to essay 3.2. The language of academic texts

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	1	3
Sesión maxistral	12	16	28
Resolución de problemas e/ou exercicios	18	36	54
Prácticas autónomas a través de TIC	0	8	8
Eventos docentes e/ou divulgativos	4	4	8
Presentacións/exposicións	24	40	64
Probas de resposta curta	6	24	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	24	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia ao alumnado (semana 1 de curso).
Sesión maxistral	Sesións teóricas. Explicacións de contidos de tipo gramatical, de vocabulario ou das destrezas comunicativas por parte da docente.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Sesións prácticas. Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas.
Prácticas autónomas a través de TIC	Traballo autónomo. Resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais, léxicos e as destrezas comunicativas de forma autónoma a través da plataforma de docencia en liña.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Actividades formativas. Asistencia a charlas e/ou seminarios impartidos por profesorado externo na facultade.
Presentacións/exposicións	Probas de competencia oral, que serán avaliadas ou ben por medio dunha exposición na aula ou ben por medio dunha gravación de vídeo/audio realizada polo alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	Para resolver as dúbidas sobre a materia e/ou as probas e presentacións orais que haxa que preparar e expoñer, as/os docentes atenderán ao alumnado nos seus despachos en horario de tutorías. É recomendable que o alumnado informe ás/aos docentes con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de tutorías. Dito aviso será feito ben na aula, ben por medio do correo electrónico. En ningún caso se desenvolverán sesións de tutorías por correo electrónico.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Presentacións/exposicións	Durante as sesións prácticas das semanas 6-7 e as semanas 12-13, o alumnado fará presentacións orais na aula que serán avaliadas con respecto á destreza de "Speaking". Se as/os docentes o considerasen necesario por cuestións de tempo e/ou organización da docencia, as presentacións orais substituiranse por gravacións de vídeo/audio que o alumnado entregará nas datas sinaladas.	40	CB2	CE1	CT9	
			CB3	CE2	CT12	
			CB4	CE4	CT15	
			CB5	CE10	CT17	
				CE11	CT23	
				CE18		
				CE24		
				CE27		
Probas de resposta curta	Nas sesións prácticas das semanas 7 e 13, o alumnado será avaliado da destreza de "Listening" por medio de exercicios de resposta curta.	20	CB2	CE1	CT15	
			CB3	CE2	CT17	
			CB4	CE4	CT23	
			CB5	CE18		
				CE24		
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas sesións teóricas das semanas 7 e 13, o alumnado será avaliado dos contidos teóricos da materia.	40	CB2	CE1	CT15	
			CB3	CE2	CT17	
			CB4	CE4	CT23	
			CB5	CE18		
				CE24		

Outros comentarios sobre a Avaliación

a) Primeira edición de actas:

a.1) Avaliación continua:

O dominio das competencias lingüísticas e comunicativas a nivel C1 será avaliado por medio de dúas probas parciais para cada unha das destrezas especificadas no programa.

As probas orais, en forma de presentacións, terán lugar durante as sesións prácticas das semanas 6-7 e 12-13 (as datas correspóndense coas datas de clases para os diferentes grupos) -- as/os docentes resérvanse o dereito de substituíren as probas orais de aula por probas orais gravadas polo alumnado e entregadas nas datas que se indican. As probas de contido teórico terán lugar durante as sesións teóricas das semanas 7 e 13 (as datas correspóndense coas datas das clases nesas semanas). As probas de escoita terán lugar durante as sesións prácticas das semanas 7 e 13.

En ningún caso se realizarán probas parciais en datas diferentes ás especificadas nesta guía docente.

Se alguén realiza só unha proba parcial, a súa nota corresponderase coa nota ponderada obtida nesa proba.

O alumnado deberá aprobar cada unha das destrezas que se avalían, isto é, destrezas de audición e produción oral, así coma contidos teóricos. O suspenso nunha destas partes implica un suspenso na materia. De suspender algunha(s) das partes, o alumnado examinarase no mes de xullo (para máis detalles, véxase apdo. b). De non aprobar en xullo, o alumnado deberá examinarse de todas as destrezas no seguinte curso académico 2016-2017 (non se gardarán notas parciais das distintas destrezas).

A realización dunha ou varias das probas parciais ou notas obtidas pola participación activa do alumnado nas sesións docentes implica a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado. O alumnado avaliado mediante o sistema de avaliación continua non poderá presentarse ao exame final de decembro e a súa nota da primeira edición de actas corresponderá ao cómputo das notas obtidas na(s) proba(s) realizada(s) durante o curso.

a.2) Avaliación única:

O alumnado que non realice ningún exame parcial poderá presentarse a un exame único (100% da cualificación final), que terá lugar na semana 14 do curso (decembro). Ese exame terá asignadas as porcentaxes que seguen: escoita (20%), produción oral (40%), contidos teóricos (40%).

Como se indicou anteriormente, o alumnado que teña obtido algunha nota polo sistema de avaliación continua non poderá realizar o exame único.

b) Segunda edición de actas (xullo):

O alumnado que suspenda a avaliación continua ou, de ser o caso, o exame ao final da semana 14, será avaliado mediante o exame único que o centro fixe oficialmente para o mes de xullo. Este exame computará coma o 100% da nota e constará de diversas partes correspondentes a escoita (20%), produción oral (40%), contidos teóricos (40%).

Tal e como se explicou no apdo. a.1), a este exame poderá presentarse o alumnado que teña suspensa algunha das partes da materia. De ter suspensa unicamente unha parte, o alumnado deberá examinarse só desa parte e gardánselle as notas parciais das outras partes obtidas ben ao longo do curso, ben en decembro (ditas notas só se gardarán ata a convocatoria de xullo, en ningún caso durante máis tempo). De ter dúas ou máis partes suspensas, o alumnado terá que examinarse de toda a materia e non se lle gardará ningunha nota obtida durante o curso.

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, ordenador, teléfono móbil, nin a conexión a Internet.

Bibliografía. Fontes de información

Brazil, David (1994) *Pronunciation for Advanced Learners of English*. Cambridge: Cambridge University Press.

Smith, Jonathan and Annette Margolis (2012) *English for academic study: Pronunciation*. Reading (England): Garnet.

Cauldwell, Richard (2003) *Streaming speech: listening and pronunciation for advanced learners of English*. Birmingham : Speech in Action.

McCormack, Joan and Sebastian Watkins (2012) *English for academic study: Speaking*. Reading (England): Garnet.

Colin Campbell (2012) *English for academic study: Vocabulary*. Reading (England): Garnet.

Kenny, Nick, Jacky Newbrook and Richard Acklam (2013) *CAE Gold Plus*. Essex: Pearson.

Greenbaum, Sydney and Randolph Quirk (2003) *A Student's Grammar of the English Language*. Essex: Pearson.
Hewings, Martin (2009) *Cambridge Grammar for CAE and Proficiency*. Cambridge: Cambridge University Press.
McCarthy, Michael & Felicity O'Dell (2004) *English Phrasal Verbs in Use*. Cambridge: Cambridge University Press.

Online materials

www.washingtonpost.com

www.guardian.co.uk

<http://www.bbc.co.uk/worldservice/learningenglish/>

<http://www.bbc.co.uk>

E-learning materials

<http://www.eslpod.com/website/index.php>

ESL Websites:

<http://www.okey-dokey.co.uk>

<http://www.usingenglish.com>

<http://iteslj.org>

<http://www.englishpage.com>

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés/V01G230V01203

Outros comentarios

Recoméndase unha aplicación constante e seria no estudo da materia. O alumnado que non posúa o nivel de partida B2 terá que procurar formación en inglés pola súa conta (EOI, Centro de Linguas, materiais bibliográficos, etc.).

O alumnado deberá consultar a plataforma de axuda á docencia (www.faitic.uvigo.es) con asiduidade e, en calquera caso, sempre antes das sesións presenciais, xa que moitos dos materiais utilizados nas clases serán colgados nesa plataforma con antelación.

Durante as clases, o alumnado non poderá utilizar dispositivos móbiles (iPhone, Blackberry, tableta, PDA ou similares) nin computadores, a non ser que a(s)/o(s) docente(s) permitan ou requiran a utilización destes dispositivos con algunha finalidade pedagóxica.

Cómpre lembrar ao alumnado que debe respectar os dereitos de copyright, tanto dos libros utilizados como apoio á docencia coma dos materiais orixinais elaborados e facilitados polas docentes na aula ou a través da plataforma de apoio á docencia.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés**

Materia	Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés			
Código	V01G230V01104			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Alonso Rodríguez, Inés			
Profesorado	Alonso Rodríguez, Inés			
Correo-e	ialonso@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Os obxectivos da materia son repasar os coñecementos morfosintácticos de base e asentando os coñecementos gramaticais, practicar a fonética para perfeccionar a pronuncia e a expresión oral e tamén para ampliar a capacidade de comprensión e expresión na escrita e na fala para atinxir un nivel C1.1. Os alumnos deben ter un nivel B2 consolidado.			

Competencias

Código	
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE30	Coñecemento de idiomas
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.	CE1 CE10 CE18 CE30	CT2 CT15 CT17 CT22
Desenvolver o sentido da consciencia lingüística das variantes da lingua francesa coma un sistema lingüístico-cultural, dos seus mecanismos gramaticais e das súas formas de expresión.	CE1 CE4 CE24 CE30	
Adquirir coñecementos básicos de Língua Portuguesa - comprensión oral e escrita - até ao nível A2 do Marco Comum Europeu de Referência das Línguas.		
Adquirir coñecementos básicos da cultura e da sociedade dos países de língua oficial portuguesa, de acordo com o nível A2 do Marco Comum Europeu de Referência das Línguas.		
Saber traballar em grupo na realização de actividades prácticas nas aulas.		
Adquirir a capacidade de discriminación entre norma e uso axeitada a cada situación comunicativa.	CE2 CE4 CE12 CE18 CE30 CE32	CT17

Contidos

Tema

I.- Théorie

□ Révision morphosyntaxique de base : le nom et l'article, genre et nombre - la possession -

□ Structure de la phrase simple : l'ordre des mots : place des pronoms, la négation, les adverbes, l'adjectif.

□ La phrase passive.

□ Subordonnées complétives : L'expression de la pensée, de la volonté, des sentiments.- Le discours direct et indirect.

II- Pratique

A.□ Orthoépique : Pratique de la prononciation.-□La prosodie : le rythme et l'accentuation, la mélodie et l'intonation.

B.-- Civilisation : Les médias français - L'espace géographique français - La France et la Francophonie.

C.-- Livre de lecture : "Pour que tu ne te perdes pas dans le quartier", de Patrick Modiano. Paris : Gallimard, 2014.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	15	15	30
Traballos tutelados	2	10	12
Prácticas de laboratorio	15	15	30
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	30	45	75
Outros	0	30	30
Prácticas autónomas a través de TIC	0	25	25
Resolución de problemas e/ou exercicios	5	5	10
Outras	5	8	13

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Presentación e exposición teórica na aula con axuda de medios audiovisuais.
Traballos tutelados	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e a corrección da profesora antes da corrección final.
Prácticas de laboratorio	Prácticas de comprensión da lingua falada: escoita de gravacións e exercicios de pronuncia e de comprensión.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Realización de exercicios baseados nos contidos teóricos.
Outros	Exercicios de expresión oral e de debate
Prácticas autónomas a través de TIC	Exercicios de escoita e comprensión de textos dispoñíbeis na plataforma Tema

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Os traballos tutelados serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da presentación final. Os exercicios de prácticas a través de Tic serán corrixidos individualmente.
Prácticas autónomas a través de TIC	Os traballos tutelados serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da presentación final. Os exercicios de prácticas a través de Tic serán corrixidos individualmente.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os traballos tutelados serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da presentación final. Os exercicios de prácticas a través de Tic serán corrixidos individualmente.

Avaliación

Descrición		Cualificación	Competencias Avaliadas	
Traballos tutelados	<input type="checkbox"/> Presentación do traballo de síntese de tres artigos de xornal nos que se trata en profundidade un tema de actualidade e en relación coa civilización francófona. <input type="checkbox"/> Ficha de lectura sobre os libros de lectura	20	CE10 CE12 CE18 CE24 CE32	CT2 CT15 CT17 CT22
Prácticas de laboratorio	Exercicios de práctica da lingua francesa, de reformulación ou de comprensión e tamén de corrección fonética.	10	CE1 CE18 CE30	CT2
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Probas de comprensión ou ditados	5	CE4	CT2 CT15
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas de coñecemento e práctica da lingua francesa	5	CE4 CE30	CT15 CT22
Outras	Exame final sobre os coñecementos adquiridos durante o curso, tanto na práctica coma na teoría. Este exame farase o último día de clase.	60	CE1 CE4 CE30	CT15 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación é continua. Para ser avaliado será necesario ter entregado os traballos na data requirida. As probas non entregadas contarán coma un cero. Os alumnos terán que aprobar tódalas destrezas. En caso de plaxio, a nota é de suspenso.

Dicionário da Língua Portuguesa 2011, Porto, Porto Editora, 2010. (ISBN: 978-972-0-01564-8)

Dicionário Editora de Espanhol-Português, Porto, Porto Editora, 2008 (ISBN: 978-972-0-01371-2).

Dicionário Editora de Inglês-Português. Acordo ortográfico. Porto, Porto Editora, 2010. (ISBN: 978-972-0-01491-7).

Dicionário Editora de Português-Espanhol, Porto, Porto Editora, 2010 (ISBN: 978-972-0-01559-4).

Dicionário Editora de Português-Inglês. Acordo ortográfico. Porto, Porto Editora, 2010. (ISBN: 978-972-0-01493-1).

Dicionário Moderno de Sinónimos e Antónimos. Acordo ortográfico. Porto, Porto Editora, 2010. (ISBN: 978-972-0-05754-9).

Dicionário Moderno de Verbos Portugueses, Porto, Porto Editora, 2010. (ISBN: 978-972-0-05756-3).

Machado, José Barbosa, *Introdução à História da Língua e Cultura Portuguesas*, Braga, Edições Vercial, 2009. (ISBN: 978-972-99038-8-5-3).

Sobral, José Manuel, *Portugal, Portugueses: Uma Identidade Nacional*, s.l., Fundação Francisco Manuel dos Santos, 2012. (ISBN: 978-989-8424-65-5).

Recomendacións

Outros comentarios

Um bom nível de língua galega ajudará na comprensión desta matéria.

A leitura e a audición de textos em língua portuguesa ajudam a aumentar o léxico e a fluidez no uso da língua.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática**

Materia	Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática			
Código	V01G230V01109			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Miquel Verges, Joan			
Profesorado	Miquel Verges, Joan			
Correo-e	jmv@uvigo.es			
Web	http://www.joanmiquel.com			
Descrición xeral	Segundo consta na Memoria oficial do Grao en Tradución e Interpretación [sic]: "Aprendizaxe avanzada do uso das ferramentas informáticas necesarias para a T/I: procesadores de texto, bases de datos, follas de cálculo, programas de TAC, creación de páxinas web, uso de glosarios en liña, etc."			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE23	Uso de ferramentas de tradución asistida
CE31	Coñecementos de informática profesional e TAC
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Achegarse á lingua inglesa e recoñecela como segundo idioma estranxeiro na formación en Tradución e Interpretación			
Estar en condicións de desenvolver un uso eficiente das ferramentas informáticas máis habituais para a tradución, tanto a nivel autónomo como no traballo en equipo.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE10 CE11	CT12 CT15
Saber escoller e utilizar con destreza as ferramentas informáticas máis axeitadas para cada situación na práctica profesional da tradución.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE14 CE23	
Coñecer os fundamentos conceptuais e técnicos das ferramentas necesarias para a práctica profesional da tradución.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE31	CT5

Contidos

Tema

1.- Introducción á materia de "Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática".	1.1.- A Guía Docente da materia. 1.2.- As guías dos diferentes temas da materia. 1.3.- Características intrínsecas da materia contextualizadas no curso académico. 1.4.- O proceso profesional da tradución (fases e ferramentas informáticas -hardware e software- asociadas). 1.5.- A xestión de proxectos, ferramentas telemáticas e traballo colaborativo no ámbito da informática aplicada á tradución.
2.- Tradución e tecnoloxías: procesos, ferramentas e técnicas de xestión.	2.1.- A ofimática avanzada aplicada á tradución: i) Funcións avanzadas dos procesadores de texto e das follas de cálculo relacionadas co ámbito profesional da tradución e coa maquetación profesional de documentos (inclúe tarefas de uso das TIC e de traballo en nube); ii) A telemática, e a creación, tradución e hospedaxe de páxinas web (inclúe tarefas de uso das TIC e de traballo en nube); iii) Os programas lexicográficos, as bases de datos e as follas de cálculo relacionados co ámbito profesional da tradución (inclúe tarefas de uso das TIC e de traballo en nube). 2.2.- Introducción á Tradución Asistida por Computador (TAC): definición; características; tipoloxía; principais programas de TAC; WordFast (Classic, Pro e Anywere); FOSS4Trans (Translation Tools, Translation Environments e OmegaT); PortableAPPs; PortableCAT; etc.
3.- A Tradución Asistida por Computador (TAC).	3.1.- A configuración básica do programa de tradución asistida por computador (opcións). 3.2.- A configuración do entorno (escritura automática, autoensamblaxe, autopropagación, autocomprobación, autoenvío á memoria, e autobúsqueda). 3.3.- A interfaz de usuario de traballo. 3.4.- O xestor de proxectos de tradución. 3.5.- O xestor de memorias de tradución. 3.6.- O xestor de terminoloxía. 3.7.- O xestor de proxectos de alineación. 3.8.- Cuestións relacionadas co entorno profesional (formatos, estándares, contaxe de unidades a facturar, orzamentos, facturación, optimización, etc.). 3.9.- Traducir, pretraducir e pseudotraducir. 3.10.- Exportación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	5	10	15
Prácticas en aulas de informática	21	41.5	62.5
Seminarios	16	31.5	47.5
Titoría en grupo	5	0	5
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0	19	19
Probas de tipo test	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	- Sesión introductoria sobre a materia contextualizada no grao de tradución e interpretación, no módulo de ferramentas, no curso académico e no proceso profesional da tradución. - Sesión introductoria sobre a Tradución Asistida por Computador (TAC).
Prácticas en aulas de informática	- Práctica sobre a ofimática avanzada aplicada á tradución (consistente na realización de tres encomendas -so unha delas avaliable- relacionadas co ámbito profesional da tradución).
Seminarios	- Seminario monográfico práctico sobre a Tradución Asistida por Computador (consistente na realización de tres encomendas -so unha delas avaliable- relacionadas co ámbito profesional da tradución).
Titoría en grupo	- Titoría en grupo relacionada coa proba práctica e a proba de tipo test nº 1. - Titoría en grupo relacionada coa proba práctica e a proba de tipo test nº 2.

Atención personalizada

Probas	Descrición
--------	------------

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. Comentario personalizado das diferentes probas realizadas polo alumnado.

Probas de tipo test Comentario personalizado das diferentes probas realizadas polo alumnado.

Avaliación		Cualificación	Competencias Avaliadas		
	Descrición				
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	<p>- Proba práctica, de execución de tarefas reais e/ou simuladas, relacionada coa ofimática avanzada aplicada á tradución (que integra o uso das TIC) constituída por tres encomendas -pero so unha delas avaliable- (45%).</p> <p>- Proba práctica, de execución de tarefas reais e/ou simuladas, relacionada coa Tradución Asistida por Computador (que integra o uso das TIC) constituída por tres encomendas -pero so unha delas avaliable- (25%).</p>	70	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE10 CE11 CE14 CE23 CE31	CT5 CT12 CT15
Probas de tipo test	<p>- Proba de tipo test para validar os coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado na realización da proba práctica sobre ofimática avanzada aplicada á tradución; e tamén para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos de maneira autónoma polo alumnado relacionados cos temas pertinentes (15%).</p> <p>- Proba de tipo test para validar os coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado na realización da proba práctica sobre a Tradución Asistida por Computador; e tamén para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos de maneira autónoma polo alumnado relacionados cos temas pertinentes (15%).</p>	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE14 CE31	CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. CONSIDERACIÓNS DE TIPO XERAL RELACIONADAS COA AVALIACIÓN DA MATERIA

1.1. - Fontes en liña para o seguimento das actividades relacionadas, directa ou indirectamente, coa avaliación da materia

Para poder estar informado puntual e detalladamente ao respecto de todas as cuestións **relacionadas, directa ou indirectamente, coa avaliación da materia**; o alumnado pode consultar as seguintes fontes en liña de seguimento das actividades da materia; habilitadas para este mester polos docentes da materia:

1. Horarios e/ou titorías da materia: Poderes consultar os horarios e/ou as titorías da materia na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/horario.htm> . Os posíbeis cambios puntuais que se poidan realizar por causas varias vanse anunciar na páxina web de anuncios en <http://jmv.webs.uvigo.es/anuncios.htm> . Sería conveniente que o alumnado consultase a páxina web de anuncios antes de acudir ás titorías.
2. Cualificacións da materia. Todas as cualificacións da materia vanse publicar, exclusivamente, na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/evaluacion.htm> . Non se van publicar cualificacións nin no FaiTIC nin na porta do despacho do profesorado da materia.
3. Planificación "ideal" das actividades da materia. A programación "ideal" das actividades da materia considérase como a programación "a priori" das actividades da materia, antes de empezar a súa docencia. Pódese, de maneira xeral, consultarse na Guía Docente (fonte oficial); e tamén, de maneira resumida, na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm> ou no calendario, por días, dispoñible na páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/horario.htm#planificacion-ideal-calendario> .
4. Planificación "real" das actividades da materia. A programación "real" das actividades da materia considérase como a programación "en tempo real" das actividades da materia que xa se fixeron no/s día/s inmediatamente anterior/es e as actividades que van facerse no/s día/s inmediatamente posterior/es a cada día de clase presencial. Por razóns varias, moitas veces a programación "ideal" e a programación "real" non coinciden finalmente. Por iso o alumnado pode seguir dende un Blog e dende un Twitter as diferentes actividades da materia que se realizan "en tempo real"; estas dúas ferramentas están accesíbeis dende a ligazón da páxina web <http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm> .

1.2. - Responsabilidade e oportunidades da avaliación da materia

Ao respecto da avaliación do alumnado, o artigo 130 dos Estatutos da Universidade de Vigo (DOG nº 21 do 02/02/2010, 1268-1296) establece que: □1. A avaliación do alumnado correspóndelle ao profesorado responsable da docencia da materia, agás nos casos en que sexa preciso un tribunal [...]. 3. Os e as estudantes teñen dereito a seren avaliados dúas veces por curso académico, segundo o procedemento que se especifique na guía docente da materia, e de tal xeito que só se reflecta na acta unha cualificación [...].□

1.3. - Sistema de cualificacións da materia

Nas dúas oportunidades oficiais de avaliación vaise seguir o Real Decreto 1125/2003, do 5 de setembro (BOE nº 224 do 18/09/2003, 34355-34256) polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o Estado. En especial o artigo 5 do sistema de cualificacións que establece que: 4. Los resultados obtenidos por el alumno en cada una de las materias del plan de estudios se calificarán en función de la siguiente escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, a la que podrá añadirse su correspondiente calificación cualitativa: 0-4,9: Suspenso (SS). 5,0-6,9: Aprobado (AP). 7,0-8,9: Notable (NT). 9,0-10: Sobresaliente (SB) [...]. 6. La mención de «Matrícula de Honor» podrá ser otorgada a alumnos que hayan obtenido una calificación igual o superior a 9.0. Su número no podrá exceder del cinco por ciento de los alumnos matriculados en una materia en el correspondiente curso académico, salvo que el número de alumnos matriculados sea inferior a 20, en cuyo caso se podrá conceder una sola «Matrícula de Honor».

1.4. - Publicación das cualificacións da materia

Segundo o apartado 3 da disposición adicional vixésimo primeira, sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades: "No será preciso el consentimiento de los estudiantes para la publicación de los resultados de las pruebas relacionadas con la evaluación de sus conocimientos y competencias ni de los actos que resulten necesarios para la adecuada realización y seguimiento de dicha evaluación."

Todas as correccións e cualificacións das diferentes probas da materia, sexa cal sexa a oportunidade e/ou a modalidade de avaliación, serán públicas e vanse expor na web do profesorado responsable da súa corrección e avaliación. Nese mesmo día vaise establecer tamén una data e unha franxa horaria (normalmente vaise intentar que coincida en horas de clase e/ou de titoría) para a súa revisión. No espazo de tempo que vai entre a exposición e a revisión das cualificacións estas vanse considerar "provisionais" e, polo tanto, susceptíbeis aínda de posibles modificacións. Pero, unha vez expirado o período de revisión, as cualificacións vanse considerar "definitivas", sen posibilidade algunha de modificación (agás circunstancias excepcionais que serán convenientemente avaliadas polos docentes da materia; como, por exemplo, erros de cómputo manifestos no cálculo das cualificacións). Non se van publicar as cualificacións nin no FaiTIC nin tampouco na porta do despacho do profesorado.

1.5. - Duración das clases da materia

Tradicionalmente no ámbito universitario, as clases de 2 horas tiñan una duración de 1 hora e 45 minutos, reservándose 15 minutos para traslados e cambios de aula. Isto, que era un acordo tácito, non escrito, non oficial, neste curso académico 2015-16 o equipo decanal decidiu regularlo oficialmente.

Por illo, na Xunta de Facultade do 21/05/15 aprobouse un Calendario interno da FFT para o curso 2015-16. No calendario que imos funcionar neste curso as clases de 2 horas duran 1 hora e 45 minutos e contan como tales, non como se fose de 2 horas. Así garántese a impartición das 48 horas presenciais, e por este motivo a docencia se estende en 14 semanas, en vez das 12 semanas que tíñamos nos cursos precedentes.

Por outra banda, consideraron necesario (ou conveniente) tamén reservar un período de traballo autónomo, que neste curso 2015-16 vai ser dunha semana.

Como a duración das clases compútase por semanas, as 14 semanas inicialmente previstas representan de facto 56 horas de clase (14 semanas por 4h/semana); distribuídas en 28 sesións de 2h (1h45 de docencia real e 15 para traslados e cambios de aula), comenzando cada sesión á hora e 5 minutos e rematando á seguinte hora a 50 minutos. Isto representa, polo tanto, 8 horas mais de clase ao respecto dos cursos pasados.

2. - PRIMEIRA OPORTUNIDADE OFICIAL DE AVALIACIÓN DA MATERIA

Na primeira oportunidade oficial de avaliación da materia o alumnado vai ter ao seu dispor dúas modalidades de avaliación diferentes (non excluíntes): a modalidade de "avaliación continua" e a modalidade de "avaliación final".

2.1. - Primeira oportunidade de avaliación da materia: modalidade de "avaliación continua"

A modalidade de avaliación continua, como o seu nome indica, está pensada para o alumnado que teña previsto asistir as sesións presenciais da materia (48 horas en total). Aínda que non é obrigatoria a asistencia as devanditas sesións-horas presenciais para poder acollerse a esta modalidade de avaliación desaconséllase a mesma a aquel alumnado que non poida asistir a un mínimo do 80% das sesións presenciais (38 horas). En calquera caso, o alumnado que decida acollerse a esta modalidade sen asistir as sesións presenciais vai ter exactamente os mesmos dereitos e as mesmas obrigas que os que asistan as sesións presenciais. Non van ter tampouco ningún tipo de trato preferencial e/ou de axuda adicional polo devandito feito (por exemplo, é responsabilidade súa estar informados/as sobre as datas de entrega das diferentes probas

e/ou das datas de realización das probas presenciais se as houbera; tamén é responsabilidade súa conseguir o material que os docentes da materia poidan distribuir nas clases presenciais, e/ou deixar na web, na plataforma de teledocencia ou no servizo de reprografía).

Independentemente da asistencia ou non as sesións presenciais, polo feito de non ser imputable ao alumnado, vanse ter en conta as especiais circunstancias de: 1) O alumnado de selectividade da convocatoria de setembro e o alumnado de intercambio (Erasmus, Sócrates, etc.) que normalmente incorpórase máis tarde á docencia do curso; 2) O alumnado con algún tipo de discapacidade física ou psíquica que requira dunha especial adecuación do sistema de avaliación, sempre e cando a súa discapacidade veña avalada por algún dos estamentos competentes da Universidade de Vigo: Gabinete Psicopedagóxico, titor/a PAT (Plan de Acción Titorial), etc.; 3) Calquera outro caso que segundo os docentes da materia requira dun tratamento da avaliación diferenciado.

O alumnado que se acolla á modalidade de avaliación continua poderá (e deberá) ir acumulando nota ao longo do curso ata un máximo de 10,0 puntos posíbeis (o 100% da nota final da materia).

Para aprobar a materia na avaliación continua desta primeira oportunidade oficial de avaliación o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos sumando a cualificación obtida nas probas prácticas e a cualificación obtida nas probas de tipo test obtidas na avaliación continua da materia.

A cualificación final obtida vai ser inamovíbel excepto nun suposto moi concreto: que o alumnado na avaliación continua obteña entre 4,5 (incluído) e 4,9, puntos; en cuxo caso, si o solicita o alumnado en tempo e forma, vaise habilitar un mecanismo extraordinario de avaliación consistente nun número indeterminado de tarefas complementarias a realizar para que o alumnado en cuestión poida chegar ao mínimo de APROBADO/A (5,0 puntos).

O alumnado que non supere a avaliación continua desta primeira oportunidade de avaliación oficial ou queira mellorar a nota obtida na mesma pode tamén presentarse á avaliación final da primeira oportunidade de avaliación oficial. Neste caso, a cualificación que vai constar na súa primeira oportunidade de avaliación oficial vai ser sempre a obtida no exame único da avaliación final (aínda que sexa menor que a obtida na avaliación continua ou sexa de suspenso/a tendo previamente a avaliación continua aprobada). Para o alumnado que non supere (non se presente ou non aprobe) a avaliación continua desta primeira oportunidade, e non se presente á avaliación final; a cualificación final que vai constar na acta oficial da materia vai ser a de NON PRESENTADO/A (N.P).

A avaliación continua vai consistir en:

2.1.1. - Probas prácticas da materia

Constitúe o 70% da cualificación final total da materia (isto é, 7,0 puntos sobre os 10,0 posíbeis). Consistirá na realización dun conxunto de probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas relacionadas coa ofimática avanzada aplicada á tradución (45% da cualificación final total) e coa Tradución Asistida por Computador (25% da cualificación final total).

Cada unha das probas terá unas pautas concretas de obrigado cumprimento como son un tempo limitado de execución, unha data máxima de entrega e uns parámetros específicos de realización (programas e/ou versións concretos a empregar, formatos específicos de traballo, métodos concretos de entrega, etc.). Calquera proba entregada que non cumpra cos requisitos esixidos será penalizada segundo os parámetros de avaliación establecidos de antemán.

Aínda que a planificación e a estrutura xeral das probas poida ser semellante en cada curso académico as probas son diferentes en cada curso académico; ademais, para evitar a copia das mesmas entre o alumnado da materia existen un conxunto e mecanismos habilitados para detectar posibles copias. No caso de detectar algunha copia entre o alumnado ou algún intento de entregar unha práctica de cursos pasados, as persoas involucradas na copia serán automaticamente expulsadas da avaliación continua e a cualificación que constará na mesma será a de NON PRESENTADO/A (N.P.); aínda que, se queren, poderán presentarse a avaliación final.

Cada proba podrá entregarse unha soa vez. Unha vez expirado o prazo máximo de entrega non se aceptará proba algunha (agás circunstancias especiais que valoraran os docentes da materia) e as probas non entregadas cualificaranse con 0,0 puntos.

Vanse establecer diferentes quendas de entrega das probas prácticas de maneira que, una vez rematadas as sesións presenciais de cada encomenda ou suposto, o alumnado dispuña aínda, como mínimo, dunha ou dúas semanas complementarias para poder acabalas de maneira autónoma (por si fose o caso de ter que dispor de máis tempo para illo).

P1 - PROBA PRÁCTICA Nº 1. Son 21,0 horas de clase (máis 8 horas de clase para compensar o tempo perdido cos cambios de aula) e 41,5 horas autónomas do alumnado, con 10,5 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado. Valor total da proba: 4,5 puntos.

Está relacionada co Módulo-1 do Tema-2 (□A ofimática avanzada aplicada á tradución□). O obxectivo desta práctica é aplicar os coñecementos e destrezas adquiridos neste módulo ao ámbito específico da tradución profesional. A práctica constitúe un máximo de 4,5 puntos da avaliación continua da materia. **Consiste na realización e posterior entrega de 1 das 3 encomendas ou supostos de tradución relacionados con este ámbito.** Se o alumnado asiste regularmente as clases presenciais terá realizado xa, aproximadamente, o 80% da práctica (en calquera das 3 encomendas); o 20% restante forma parte do traballo a realizar de maneira autónoma por parte do alumnado segundo explicita as directrices de Bolonia. As tres encomendas conteñen tamén aspectos relacionados coas novas tecnoloxías da tradución e a comunicación (TIC) e a xestión de proxectos, as ferramentas telemáticas e o traballo colaborativo no ámbito da tradución profesional. **Unha vez finalizadas as 21 horas de clase vaise facer un sorteo público para decidir cal das 3 encomendas vaise ter que entregar para ser avaliada. O alumnado vai dispor, con posterioridade, de 2 semanas (8 horas de clase) para poder acabar na aula informática a encomenda escollida.**

- **P1-E1 - PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-1:** centrada nas funcións avanzadas dos procesadores de texto e das follas de cálculo relacionadas co ámbito profesional da tradución e coa maquetación profesional de documentos (9,0 horas de clase --mais 8 horas compartidas entre as 3 encomendas para compensar o tempo perdido cos cambios de aula-- e, aproximadamente, 17,8 horas autónomas do alumnado, con 4,5 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado; Módulo-1 do Tema-2). Valor total da encomenda: 4,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa entrega (segundo os parámetros dispostos na propia encomenda): o luns 02/11/15 ás 23:59 horas.
- **P1-E2 - PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-2:** centrada na telemática, e a creación, tradución e hospedaxe de páxinas web (6,0 horas de clase --mais 8 horas compartidas entre as 3 encomendas para compensar o tempo perdido cos cambios de aula-- e, aproximadamente, 11,8 horas autónomas do alumnado; con 3,0 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado; Módulo-1 do Tema-2). Valor total da encomenda: 4,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa entrega (segundo os parámetros dispostos na propia encomenda): o luns 02/11/15 ás 23:59 horas.
- **P1-E3 - PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-3:** centrada nos programas lexicográficos, nas bases de datos de todo tipo e nas follas de cálculo relacionados co ámbito profesional da tradución (6,0 horas de clase --mais 8 horas compartidas entre as 3 encomendas para compensar o tempo perdido cos cambios de aula-- e, aproximadamente, 11,8 horas autónomas do alumnado; con 3,0 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado; Módulo-1 do Tema-2). Valor total da encomenda: 4,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa entrega (segundo os parámetros dispostos na propia encomenda): o luns 02/11/15 ás 23:59 horas.

P2 - PROBA PRÁCTICA Nº 2. Son 16,0 horas de clase e, aproximadamente, 32,0 horas autónomas do alumnado e 8,5 horas de práctica avaliativa autónoma do alumnado. Valor total da proba: 2,5 puntos.

Está relacionada co Tema-3 (□A tradución asistida por computador□). O obxectivo desta práctica é aplicar os coñecementos e destrezas adquiridos neste módulo no ámbito profesional da tradución. A práctica constitúe un máximo de 2,5 puntos da avaliación continua da materia. Consta en tres encomendas, das que a □ENCOMENDA Nº 1" e a "ENCOMENDA Nº 2□ son non avaliábeis e soamente van servir para adquirir experiencia cara á □ENCOMENDA Nº 3□, que sí vai ser avaliábeis.

- **P2-E1 - PRÁCTICA-2, ENCOMENDA Nº 1:** é non avaliábeis e soamente vai servir para adquirir experiencia cara á □ENCOMENDA Nº 3□, que sí é avaliábeis.
- **P2-E2 - PRÁCTICA-2, ENCOMENDA Nº 2:** é non avaliábeis e soamente vai servir para adquirir experiencia cara á □ENCOMENDA Nº 3□, que sí é avaliábeis.
- **P2-E3 - PRÁCTICA-2, ENCOMENDA Nº 3:** supón un total de 2,5 puntos na □avaliación continua□. Prazo máximo previsto para a súa entrega (segundo os parámetros dispostos na propia encomenda): o luns 14/12/15 ás 23:59 horas.

Como software específico para a súa realización usaremos (a priori e se non hai ningún cambio de última hora) o programa de tradución asistida por computador **Déjà Vu X2 Pro(fessional)**. O programa é de pagamento, pero pódese descargar de Internet unha versión shareware (de proba) por un período de 30 días dende a súa instalación. Este programa soamente está dispoñible para Ms-Windows. Non hai ningunha versión para Mac OS X nin para Linux. Non vamos a usar tampouco ningún outro programa equivalente □de código aberto□ tipo OmegaT. A versión instalada nos computadores da aula informática Newton-17 da FFT vai ser operativa durante 6 meses. Como este programa ten as veces algúns problemas de funcionamento co Windows-7, nestes casos, aconséllase traballar coas versións instaladas na aula informática sobre Windows XP.

2.1.2. - Probas de tipo test da materia

Constitúe o 30% da cualificación final total da materia (isto é, 3,0 puntos sobre os 10,0 posíbeis). Consistirá na realización de dúas probas de tipo test para avaliar os coñecementos relacionados coas competencias da materia.

As preguntas van dirixidas, de maneira particular, a validar os coñecementos e destrezas adquiridos na realización das

diferentes probas práctica relacionados coas competencias da materia; e, de maneira xeral, para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos nos diferentes temas 1, 2 e 3 relacionados coas competencias da materia.

No caso de detectar algunha copia entre o alumnado, as persoas involucradas na copia serán automaticamente expulsadas da avaliación continua e cualificadas con NON PRESENTADO/A (N.P.); aínda que poderán presentarse á avaliación final.

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas e ao principio de cada test vaise establecer (de maneira moi clara e por escrito) as posíbeis penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco. Estes parámetros poden variar dun test a outro desta avaliación continua ou da avaliación final.

- **T1 - PROBA DE TIPO TEST Nº 1:** Son 0,5 horas de clase. Valor: 1,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa realización: a primeira media hora da primeira sesión de cada grupo da semana do 09/11/15 ao 15/11/15. Está relacionada co Tema nº 1 ("Introdución á materia de 'Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática'"), o subtema do Tema nº 2 ("A ofimática aplicada á tradución"), e a proba Práctica nº 1 da materia.
- **T2 - PROBA DE TIPO TEST Nº 2:** Son 0,5 horas de clase. Valor: 1,5 puntos. Prazo máximo previsto para a súa realización: a primeira media hora da primeira sesión de cada grupo da semana do 14/12/15 ao 20/12/15. Está relacionada co subtema do Tema nº 2 ("Introdución a Tradución Asistida por Computador"), o Tema nº 3 ("A Tradución Asistida por Computador"), e a proba Práctica nº 2 da materia.

Na medida do posíbel vaise tentar respectar esta programación establecida "a priori"; pero, obviamente, a mesma fica suxeita a posíbeis cambios de última hora debidos a imprevistos de tipo persoal, académico e/ou técnico (que serían oportunamente informados a todo o alumnado da materia a través de todos os medios dispoñíbeis para illo).

2.2. - Primeira oportunidade de avaliación da materia: modalidade de "avaliación final"

O alumnado que se acolla á modalidade de avaliación final na primeira oportunidade de avaliación oficial vai ter que realizar unha única proba de tipo test cun valor máximo de 10,0 puntos en total (o 100% da nota final).

Nesta modalidade de avaliación final da primeira oportunidade de avaliación oficial, dada a especial idiosincrasia desta materia e dos especiais requisitos de hardware e software que precisa a priori; por razóns de tempo, infraestrutura e de procedemento, básicamente, non se vai esixir ao alumnado (a diferenza da avaliación continua) que faga ningunha proba/encomenda práctica.

Sen embargo, nesta proba tipo test, váiselle esixir (entre outras cuestións) que probe que sabería facelas se fose necesario (que sabería utilizar os programas, formatos, procedementos, metodoloxías, etc. esixíbeis para a súa realización).

Así, pois, as preguntas desta proba tipo test estarán relacionadas, de maneira xeral, con aspectos teóricos e prácticos da materia; pero, de maneira particular, tamén coas probas prácticas de execución de tarefas reais e/ou simuladas realizadas na modalidade de avaliación continua da primeira oportunidade de avaliación oficial.

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas e ao principio de cada test vaise establecer (de maneira moi clara e por escrito) as posíbeis penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco. Estes parámetros poden variar ao respecto dos diferentes test da modalidade de avaliación continua realizados.

De detectarse algún intento de copia na proba de tipo test, o alumnado involucrado será de inmediato conminado a abandonar a aula e a súa proba será cualificada con SUSPENSO/A (0,0 puntos).

Para aprobar a materia nesta avaliación final da primeira convocatoria oficial de avaliación o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos na proba de tipo test (sen excepción algunha).

Por acordo da Xunta de Facultade do 05/06/13, a responsabilidade de fixar a data para a realización da avaliación final de cada materia na primeira oportunidade de avaliación oficial corre a cargo dos docentes da materia. No noso caso vamos establecer "a priori" a data do mércores 13/01/16, ás 11:00 horas (a aula asignada aínda fica pendente por designar).

Por se houberse algún cambio en datas posteriores á redacción desta Guía Docente, por favor, consultade o calendario de exames no espazo web da FFT ou no taboleiro da FFT habilitado para illo (que son as plataformas "oficiais" de información).

3. - SEGUNDA OPORTUNIDADE OFICIAL DE AVALIACIÓN DA MATERIA

O alumnado que se acolla á segunda oportunidade oficial de avaliación da materia vai ter que realizar unha única proba de tipo test cun valor máximo de 10,0 puntos en total (o 100% da nota final).

Dada a especial idiosincrasia desta materia e dos especiais requisitos de hardware e software que precisa a priori; por razóns de tempo, infraestrutura e de procedemento, básicamente, non se vai esixir ao alumnado que faga ningunha proba/encomenda práctica nesta segunda oportunidade oficial de avaliación da materia. Sen embargo, nesta

proba tipo test, váiselle esixir (entre outras competencias) que probe que sabería facelas se fose necesario (noutras palabras: que sabería utilizar os programas, formatos, procedementos, etc. esixíbeis para a súa realización).

Así, pois, as preguntas desta proba tipo test estarán relacionadas, de maneira xeral, con aspectos teóricos e prácticos da materia; pero, de maneira particular, tamén coas probas prácticas de execución de tarefas reais e/ou simuladas realizadas na modalidade de avaliación continua da primeira oportunidade de avaliación da materia.

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas e ao principio de cada test vaise establecer (de maneira moi clara e por escrito) as posibles penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco. Estes parámetros poden variar ao respecto dos diferentes test da avaliación continua da materia.

De detectarse algún intento de copia na proba, o alumnado involucrado será conminado a abandonar a aula e a súa proba será cualificada con SUSPENSO/A (0,0 puntos).

Para aprobar a materia nesta segunda oportunidade oficial de avaliación o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos na proba de tipo test (sen excepción algunha).

Bibliografía. Fontes de información

Aínda así, a continuación mostramos un pequeno repertorio de referencias bibliográficas básicas en soporte papel existentes no catálogo bibliográfico PERSEO da Universidade de Vigo (<http://www.perseo.biblioteca.uvigo.es>) que vos poden axudar a comprender a priori², duna maneira xeral e a nivel teórico-práctico, os contidos desta materia.

TEMA-1:

Bott, E.; Woody, L. (2007) *Office 2007* (Colección 'La biblia de'; Traducción de Norwich & Barston. Special edition using Microsoft Office 2007. ISBN: 0789735172), Madrid: Anaya Multimedia, ISBN: 978-84-415-2223-7 [Signatura PERSEO: "FFT 681.3 BOT bib"; 3 exemplares na FFT].

Internet e aplicacións web

- Corpas, G.; Varela, M. J. (2003) *Entornos informáticos de la traducción profesional: las memorias de traducción*. Granada: Atrio, ISBN: 84-961-0115-0 [Signatura PERSEO: FFT 82.03 ENT inf²; 4 exemplares].
- Cevoli, M.; Alasia, S. (2012) *Guida completa a OmegaT: tecnica, trucchi e consigli per traduttori e project manager*. Badalona: Qabiria. ISBN: 978-8863696653. [Signatura PERSEO: "FFT 82.03 CEV qui"; 2 exemplares].

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931

Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Español/V01G230V01925

Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01924

Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01923

Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01922

Outros comentarios

1) Esta materia proporciona a adquisición de coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas básicas (hardware e software) de tipo xeral relacionadas coa tradución.

Para adquirir coñecementos e destrezas no manexo de ferramentas informáticas especializadas relacionadas coa tradución, e sobre todo relacionadas co ámbito da tradución multimedia (localización e tradución audiovisual), considérase imprescindible cursar as materias de 4º curso do Grao: i) "Ferramentas para a Tradución e Interpretación V: Informática avanzada" [que consolida e amplía os coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas de tradución asistida adquiridos na materia de 1º curso do grao; e, ademais, proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da localización: de páxinas web, software e videoxogos)], e; ii) Algunha das combinacións de "Tradución medios audiovisuais" [que proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da tradución audiovisual: subtitulado, dobraxe, voice-over)].

Dese xeito pódese atinxir un dominio satisfactorio dos coñecementos e das destrezas das principais ferramentas

informáticas (hardware e software) relacionadas coa práctica profesional da tradución e a interpretación glosados na listaxe de competencias do Grao (xenéricas e especializadas).

2) Dado que para o desenvolvemento e a avaliación da materia atinxen tanto as horas de traballo presenciais na aula informática como as horas de traballo persoal autónomo do alumnado, considérase imprescindible a asistencia do alumnado ás primeiras sesións (3 horas) introdutorias da materia (en no grupo que teña asignado) coa finalidade de estar informado do funcionamento da materia, dos contidos, da planificación e metodoloxías docentes que vansen empregar, dos mecanismos de seguimento da docencia, etc. Desta maneira vai poder contar coa suficiente información para poder decidir a modalidade de avaliación que quere seguir.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego**

Materia	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego			
Código	V01G230V01201			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Solla González, Amparo			
Profesorado	Palacio Sánchez, José Antonio Solla González, Amparo			
Correo-e	asolla@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Partindo de que o alumnado posúe un nivel C2 do Marco Europeo de Referencia para a aprendizaxe de linguas, a materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes á vez que incide na aplicación práctica da norma adaptada á construción de manifestacións discursivas formais nos diferentes contextos comunicativos orais e escritos.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Desenvolver o sentido da conciencia lingüística da lingua inglesa como segunda lingua, os seus mecanismos gramaticais e léxicos e as súas formas de expresión.			
- Analizar e valorar criticamente exemplos de expresión oral e escrita en lingua galega.	CB1	CE3	CT7
Capacidade de aprendizaxe autónoma	CB2	CE4	CT9
	CB3	CE27	
	CB5		

- Desenvolver autonomía na produción e corrección de diferentes tipos de textos orais e escritos utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega.	CB2	CE3	CT7
Coñecementos de cultura xeral e civilización	CB3	CE4	CT8
Dominio oral e escrito da lingua propia	CB4	CE17	CT15
	CB5	CE18	CT23
		CE25	
		CE33	

Contidos

Tema

1. A norma escrita da lingua galega	1.1. A acentuación 1.2. Signos ortográficos 1.3. Grupos consonánticos 1.4. Sufixos e terminacións 1.5. Paradigmas morfolóxicos do galego
2. Morfosintaxe	2.1. O artigo 2.2. O substantivo e adxectivo 2.3. O pronome persoal 2.4. Posesivos e demostrativos 2.5. Cuantitativos e indefinidos 2.6. O verbo 2.7. O adverbio, a preposición, a conxunción.
3. Lingua oral e lingua escrita	3.1. A linguaxe como medio de comunicación 3.2. Escritura e oralidade
4. O texto	4.1. Coherencia e cohesión textual 4.2. Tipoloxía textual en galego

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	21	21	42
Eventos docentes e/ou divulgativos	3	6	9
Presentacións/exposicións	3	21	24
Sesión maxistral	15	30	45
Actividades introdutorias	4	8	12
Probas de resposta curta	2	16	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado levará a cabo a resolución de problemas e exercicios específicos para a materia explicada. Adóitase utilizar como complemento da clase maxistral.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Os discentes asistirán a conferencias e actividades que complementen a súa formación.
Presentacións/exposicións	O alumnado exporá perante o docente e/ou un grupo de estudantes un tema sobre os contidos da materia ou os resultados dun traballo, exercicio.
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, directrices dun traballo e actividades que o alumnado debe desenvolver.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado e reunir información sobre o grupo así como a presentar a materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O profesor terá titorías individualizadas ou en pequenos grupos antes da exposición dos temas por parte do alumnado.
Sesión maxistral	O profesor terá titorías individualizadas ou en pequenos grupos antes da exposición dos temas por parte do alumnado.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Resolución de problemas e/ou exercicios	Durante o curso a profesora especificará cales das diferentes actividades prácticas serán avaliadas. Terase moi en conta a actitude e participación do alumnado nas aulas.	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE18 CE25 CE27 CE33	CT9 CT15 CT23
Eventos docentes e/ou divulgativos	Valorarase a asistencia a calquera actividade programada relacionada coa materia e a entrega dunha recensión persoal.	5	CB2 CB5	CE25	CT8 CT15
Presentacións/exposicións	Valorarase a preparación dun traballo tutelado, individual e breve (5 folios) no que se atenderá especialmente á corrección do texto.	10	CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE17 CE18 CE27 CE33	CT7 CT8 CT9 CT15 CT23
Sesión maxistral	Valorarase a atención dos discentes, a súa curiosidade intelectual, a reflexión e mesmo o debate se se considera oportuno.	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE27	CT9
Probas de resposta curta	Realizaranse dúas probas durante o cuadrimestre: unha sobre a normativa ortográfica e morfolóxica (CONTRA A METADE DE MARZO) e outra sobre aspectos gramaticais (PRIMEIROS DÍAS DE MAIO). Ámbalas dúas deberán ser superadas para obter a cualificación total deste apartado.	50	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE17 CE18 CE25 CE27 CE33	CT7 CT8 CT9 CT15 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

MOI IMPORTANTE

A. Para poder optar á avaliación continua débense cumprir os seguintes requisitos: **entrega de ficha debidamente cuberta na data esixida, asistencia** habitual ás aulas, **entrega dos traballos obrigatorios**.

B. O alumnado que opte pola **modalidade presencial** someterase ás **dúas probas avaliadas necesarias para conseguir o aprobado** da materia: unha sobre o dominio da normativa ortográfica e morfolóxica do galego e outra sobre construción e corrección textual, aspectos gramaticais e cuestións léxico-semánticas traballadas durante o curso. **Ámbalas dúas probas deberán ser superadas**. De ser o caso, realizarase unha **media aritmética** cara á cualificación final deste apartado. **Na segunda edición das actas non se conservará a cualificación** de ningunha das dúas probas superadas.

C. O alumnado que non se acolla á modalidade presencial realizará **contra a primeira semana de maio** unha **proba teórico-práctica** sobre os contidos da materia, **unha proba oral** e terán a obriga de entregar **un traballo individual consensuado de antemán coa profesora**.
Recoméndase **remitir á docente un correo electrónico para se informar da data precisa dos exames, que tamén se anunciará en fatic**.

O mesmo sistema seguirase cos **alumnos que concorran á segunda ou posteriores convocatorias**.

Calquera tipo de **plaxio** será penalizado co **suspenso**.

Bibliografía. Fontes de información

LECTURAS OBRIGATORIAS

Na sesión de presentación da materia, a profesora **especificará cales son as obras de lectura obrigatoria do curso**.

BIBLIOGRAFÍA E FONTES DE INFORMACIÓN

ÁLVAREZ, R. / MONTEAGUDO, H. / REGUEIRA, X.L. (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

ÁLVAREZ, R. e XOVE, X. (2002): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

FREIXEIRO MATO, X.R. (2000): *Gramática da lingua galega II Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.

GONZÁLEZ REI, B. (2004): *Ortografía da lingua galega*. A Coruña: Galinova Editorial.

HERMIDA, Carme (2004): *Gramática Práctica (Morfosintaxe)*, Santiago: Sotelo Blanco.

ILG / RAG (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Santiago: ILG / RAG.

DICIONARIOS:

CARBALLEIRA ANLLO, X. M. (coord) (2000): *Gran dicionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.

FERNÁNDEZ SALGADO, B. (coord) (2004): *Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

XOVE FERREIRO, Xosé (coord) (2005), *Novo dicionario da lingua galega*. Santiago de Compostela: Obradoiro-Santillana.

NAVAZA BLANCO (coord)(1990) *Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos*. Vigo: Xerais.

Vocabulario ortográfico la lingua galega (RAG/ILG): <http://www.realacademiagalega.org/volga/>

www.edu.xunta.es/diccionarios/BuscaTermo.jsp

webs.uvigo.es/sli/virtual/galego.htm

Curso é-galego: ilg.usc.es

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A2, II: Introducción ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01401

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109

Outros comentarios

No caso do alumnado que non posúa un nivel avanzado de coñecementos (C2) deberá procuralo por medios alternativos á docencia desta materia: Escola Oficial de Idiomas, visionado de películas, lecturas ...

DATOS IDENTIFICATIVOS**Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español**

Materia	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español			
Código	V01G230V01202			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Anaya Revuelta, Inmaculada			
Profesorado	Anaya Revuelta, Inmaculada			
Correo-e	ianaya@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes dunha das súas linguas maternas, o español. Ademais, a materia incide na aplicación práctica da norma académica adaptada á construción de discursos orais e escritos de carácter formal en contextos comunicativos diversos.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT7	Toma de decisións
CT12	Traballo en equipo
CT18	Creatividade
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión escrita.	CB1 CB4	CE4	CT1
Ampliar o repertorio léxico e textual na lingua materna español.	CB1	CE3	CT23
Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise, creación e revisión de todo tipo de textos.	CB2	CE10 CE18	CT1 CT18
Capacitar aos alumnos para analizar, sintetizar e extraer de forma crítica a información principal e secundaria dunha manifestación discursiva oral ou escrita e poñela en común.	CB3	CE18	CT7 CT12
Proporcionarlle a información e ferramentas necesarias ao discente para que manexe con soltura os recursos bibliográficos de calidade que contribúan a un óptimo desenvolvemento das actividades profesionais de corrección, tradución e interpretación textual.	CB5		

Contidos

Tema

Tema 1. Conceptos básicos sobre corrección lingüística.	1.1. Norma e uso 1.2. A corrección e a norma lingüística 1.3. Situación actual
Tema 2. O dicionario como ferramenta de consulta sobre a norma e o uso do español	2.1. Concepto e caracterización 2.2. Tipos e contido 2.3. As funcións dos dicionarios
Tema 3. A elaboración dun texto: organización e redacción	3.1. Discurso oral / discurso escrito 3.2. Fases na elaboración dun texto 3.3. Niveis de construción
Tema 4. A comunicación oral	4.1. O ensino do discurso oral 4.2. Elementos da comunicación oral 4.3. Claves para falar en público
Tema 5. Tipos de intervencións orais	5.1. O debate 5.2. A presentación 5.3. O discurso

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	3	5
Sesión maxistral	18	45	63
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	14	21	35
Presentacións/exposicións	6	18	24
Debates	2	0	2
Traballos de aula	4	8	12
Traballos e proxectos	2	7	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Actividade introdutoria. Durante a primeira sesión buscarase recoller información sobre os coñecementos de partida, os intereses e as motivacións dos discentes.
Sesión maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos xerais da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e metodoloxías de análise. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos claros que aseguren a comprensión dos contidos. Ocasionalmente poderán estar apoiadas por presentacións.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Formularanse na aula ou a través da plataforma TEMA unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada nas clases. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para reforzar os coñecementos que se van adquirindo.
Presentacións/exposicións	Actividade práctica. O profesor da materia dará unhas indicacións xerais sobre a forma axeitada de realizar unha presentación oral. A partir destas explicacións esta liña metodolóxica irá orientada aos discentes. O seguinte paso consistirá na exposición oral (en grupos) por parte dos alumnos dun tema concreto de carácter lingüístico que se escollerá entre os temas da materia e que terá que presentarse ao resto dos compañeiros.
Debates	Actividade práctica. O alumnado realizará a defensa oral dunha postura en relación a o tema elixido. A profesora dará unhas indicacións sobre a forma axeitada de realizar un debate.
Traballos de aula	Actividade práctica orientada na aula polo docente. Aínda que o alumnado poderá traballar de forma autónoma na materia, estes traballos de aula terán como obxectivo a proposta de certas actividades que se desenvolverán coa colaboración de alumnos e docente durante catro sesións presenciais dunha hora cada unha.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes.

Probos	Descrición
Traballos e proxectos	Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Presentacións/exposicións	Consistirá na presentación oral dun tema por parte do alumnado (en grupo de 3 ou 4 persoas). O obxectivo é avaliar a competencia oral dos discentes nun contexto formal. A proba do discurso oral será realizada polo alumnado de forma individual.	45	CB2 CB4	CE3 CE10 CE18	CT12 CT18 CT23	
Debates	Consistirá na participación do alumnado, por grupos, na discusión de diferentes temas. Os temas serán elixidos na aula, co axuda da profesora. Cada grupo terá a posibilidade de discutir sobre o tema desde dúas perspectivas diferentes.	15	CB3 CB4	CE3 CE4 CE10 CE18	CT1 CT7 CT12 CT18	
Traballos e proxectos	Consistirá na elaboración de prácticas propostas en clase (resumo de artigos, valoración crítica dunha obra literaria, etc.) no que se avaliará a competencia do alumnado no relativo ao dominio das técnicas e mecanismos de síntese e redacción dun texto.	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE18	CT1 CT7 CT12 CT23	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Ao inicio do curso, o alumnado deberá indicarlle ao docente a forma de avaliación pola que optan, é dicir, avaliación continua (asistencia regular, traballos de aula, presentacións, proxectos, probas, etc.) ou avaliación única (o exame terá lugar na última semana de clase). Os discentes que se acollan ao sistema de avaliación única realizarán un exame no que terán cabida cuestións teóricas e prácticas. O alumnado que opte pola avaliación continua e que non supere a materia ao final do cuadrimestre poderán presentarse á convocatoria oficial de xullo e ás sucesivas convocatorias, nas que non se gardarán as cualificacións obtidas a través das probas, actividades e traballos realizados ao longo do curso. O estudantado Erasmus poderá realizar as probas coa axuda dun dicionario. O exame de xullo constará dunha parte teórica e unha parte práctica. Tanto nas probas coma no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc.; se durante a corrección de actividades e traballos se detecta copia ou plaxio, os referidos traballos non se valorarán.

Bibliografía. Fontes de información

del Valle, José (ed.), **La lengua ¿patria común?**, Madrid: Iberoamericana- Frankfurt am Main: Vervuert,
 BIBLIOGRAFÍA BÁSICA,
 Real Academia Española, **Ortografía de la lengua española**, Madrid, Espasa,
 Real Academia Española, **Diccionario panhispánico de dudas**, Madrid, Santillana,
 Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española, **Nueva gramática de la lengua española**, Madrid: Espasa,
 BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA,
 Cassany, Daniel, **La cocina de la escritura**, Barcelona: Anagrama,
 Leonardo Gómez Torrego. coord., **Número monográfico dedicado a la norma. Español Actual**, Arco/Libros,
 Estrella Montolío coord., **Manual de escritura académica y profesional. Estrategias discursivas**, Ariel,

Ao longo do curso indicaranse outras lecturas específicas.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A2, II: Introducción ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés				
Materia	Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés			
Código	V01G230V01203			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Carregal Romero, José			
Profesorado	Carregal Romero, José Gonzalez Szamocki, Miguel Guido			
Correo-e	jose_carregal@fastmail.fm			
Web				
Descrición xeral	Cunha orientación practica con foco no uso da lingua, esta materia pretende acadar unha consolidación do nivel C1, iniciado no cuadrimestre anterior con Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés, segundo os estándares do Marco Europeo Común de Referencia.			

Competencias	
Código	
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE30	Coñecemento de idiomas
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT6	Capacidade de xestión da información
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Promover a autonomía do alumnado para desenvolver unha competencia comprensiva de diversos tipos de textos en inglés.	CE1 CE8 CE12 CE18 CE24 CE27 CE30	CT1 CT2 CT6 CT9 CT15 CT22 CT23
Desenvolver as destrezas de comprensión e expresión oral e escrita en inglés a nivel avanzado		
Asentar e aumentar o coñecemento do repertorio léxico básico inglés.	CE1 CE4 CE8 CE18 CE24 CE30	CT2 CT12 CT15 CT22 CT23
Aplicar e desenvolver o sentido de conciencia lingüística dos mecanismos gramaticais e formas de uso do inglés.	CE1 CE2 CE4 CE18	CT15 CT22 CT23

Desenvolver as bases das habilidades de comprensión e expresión oral en inglés.	CE1 CE8 CE18 CE22 CE24 CE30	CT2 CT15 CT22 CT23
Utilizar e valorar o coñecemento das nocións gramaticais básicas do inglés	CE1 CE4 CE18 CE24	CT15 CT22 CT23

Contidos

Tema	
Use of English and vocabulary	<p>1. Grammar</p> <p>1.1. Tasks such as multiple-choice cloze, open cloze, word formation, key word transformations, multiple choice, gapped text and multiple matching (English Unlimited Advanced C1)</p> <p>1.2. Reported speech.</p> <p>1.3. The subjunctive and "unreal" uses of past forms.</p> <p>1.4. Verbs followed by -ing forms and infinitives.</p> <p>1.5. Participle and infinitive phrases.</p> <p>1.6. Features of discourse.</p> <p>1.7. Cohesion and coherence.</p> <p>2. Vocabulary: phrasal verbs, phrases, patterns, collocations, idioms, word formation.</p>
Reading	<p>1. Reading comprehension tasks such as multiple-choice cloze, open cloze, multiple choice and gapped text (fictional and non-fictional books, non-specialist articles from magazines, newspapers and the internet).</p> <p>2. Textual analysis. Coherence, cohesion, structure and organization of a text.</p>
Listening	<p>1. Tasks such as multiple choice, sentence completion, multiple choice and multiple matching (academic lectures, news and interviews, conversations, films[]).</p> <p>2. Listening for main ideas, listening for details, listening for making inferences.</p> <p>3. Guessing meaning from context and making predictions before listening.</p>
Writing	<p>1. Writing an essay. Summarising and evaluating key ideas in texts.</p> <p>2. Contextualised writing task. Writing for a specific reader, using the appropriate format and style.</p>
Speaking	<p>1. Pronunciation</p> <p>1.1. Pronunciation of words, phrases and sentences.</p> <p>1.2. Pronunciation in conversation.</p> <p>1.3. Pronunciation in formal settings.</p> <p>2. Tasks such as oral presentations (developing topics, expressing and justifying opinions and organizing discourse) and short interviews (showing ability to use general interactional and social language).</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	5	20	25
Presentacións/exposicións	2	0	2
Actividades introdutorias	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	7	0	7
Prácticas autónomas a través de TIC	0	20	20
Traballos de aula	20	15	35
Probas de resposta curta	4	15	19
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	12	16
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	20	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas de forma autónoma, con material de autocorrección.
Presentacións/exposicións	Presentacións orais preparadas polo alumnado de forma individual para reforzar as destrezas comunicativas de expresión.
Actividades introdutorias	Presentación da materia ao alumnado e orientación xeral sobre a mesma.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas.
Prácticas autónomas a través de TIC	Traballo autónomo. Realización de exercicios prácticos relacionados coas destrezas comunicativas de forma autónoma a través da plataforma de docencia en liña.
Traballos de aula	Realización de exercicios relacionados coas destrezas comunicativas na aula.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Para resolver dúbidas sobre a materia e/ou as probas e presentacións orais que haxa que preparar, os profesores atenderán ao alumnado nos seus despachos en horario de titorías. En ningún caso se desenvolverán sesións de titorías por correo electrónico. É recomendable que o alumnado informe con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. Dito aviso será feito ben na aula, ben por medio do correo electrónico.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Probas de resposta curta	Nas sesións prácticas das semanas 7 e 14 o alumnado será avaliado da destreza de "Reading" por medio de exercicios de resposta curta.	20	CE1 CE2 CE4 CE24 CE27 CE30	CT9 CT15 CT23
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Nas sesións prácticas das semanas 7 e 14 o alumnado será avaliado da destreza de [Writing].	40	CE1 CE2 CE4 CE12 CE24 CE30	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas sesións teóricas das semanas 7 e 14 o alumnado será avaliado dos contidos teóricos da materia (Use of English and vocabulary).	40	CE1 CE4 CE18 CE24 CE30	CT15 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

A) Primeira edición das actas:

Na primeira edición das actas o alumnado poderá acollerse a avaliación continua (A1) ou a avaliación única (A2).

A1) Avaliación continua na primeira edición das actas:

Recoméndase a avaliación continua e o traballo diario na materia, xa que o estudo constante e progresivo é o sistema máis axeitado para a aprendizaxe dun idioma.

Para acollerse ao sistema de avaliación continua, se recomenda ao alumnado asistir con regularidade ás sesións presenciais, tanto teóricas como prácticas, así como realiza-las tarefas e exercicios que se lle requiran.

O dominio das destrezas de Use of English & vocabulary, reading e writing a nivel C1 será avaliado por medio de dúas probas parciais para cada destreza:

- Proba de Use of English & vocabulary (40%): nas clases de teoría das semanas 7 e 14.
- Probas de Reading (20%) e Writing (40%): nas clases prácticas das semanas 7 e 14.

As datas e horas das probas correspóndense coas horas das clases dos diferentes grupos. En ningún caso se realizarán probas parciais en datas diferentes ás especificadas nesta guía docente. Se alguén realiza só unha proba parcial, a súa nota corresponderase coa nota obtida nesa proba. No caso da proba de Use of English e vocabulario, haberá que realiza-las dúas probas, posto que se avalían contidos diferentes.

Para conseguilo aprobado na asignatura, o alumnado deberá aprobar cada unha das destrezas que se avalían. O suspenso nunha destreza suporá un suspenso na materia. De suspender algunha(s) das partes da asignatura, o alumnado examinarase en xullo de 2016 (como se pode ver no apartado b) da segunda edición das actas. De non aprobar en xullo de 2016, o alumnado deberá examinarse no seguinte curso académico.

De ter suspensa únicamente una destreza, o alumnado deberá examinarse só desa destreza e gardaráselle as notas aprobadas das outras destrezas ata xullo de 2016 (en ningún caso durante máis tempo). De ter dúas ou máis destrezas suspensas, o alumnado terá que examinarse de toda a materia de novo e non se lle gardará para xullo de 2016 ningunha nota da primeira edición das actas.

As destrezas de listening e speaking, avaliadas na asignatura Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés do primeiro cuatrimestre, tamén serán practicadas ao longo do curso, máis non serán consideradas na avaliación.

A realización dunha ou varias das probas parciais da avaliación continua implica a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado. O alumnado avaliado mediante o sistema de avaliación continua non poderá acollerse á avaliación única na primeira edición das actas, e a súa nota da primeira edición das actas corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas parciais realizadas durante o curso.

A2) Avaliación única na primeira edición das actas:

O alumnado que non asista ás clases con regularidade nin realice ningún exame parcial poderá presentarse a un exame único (100% da cualificación final), que ten as seguintes partes:

- Proba de Use of English & vocabulary (40%): na clase de teoría da semana 14.
- Probas de Reading (20%) e Writing (40%): na clase práctica da semana 14.

Como se indicou anteriormente, o alumnado que teña obtido algunha nota polo sistema de avaliación continua non poderá acollerse ao exame único na primeira edición das actas.

B) Segunda edición das actas (xullo 2016)

O alumnado que suspenda a avaliación continua ou a avaliación única na primeira edición das actas, será avaliado mediante un exame único que terá as mesmas características que o exame de avaliación única da primeira edición das actas:

- Proba de Use of English & vocabulary (40%).
- Probas de Reading (20%) e Writing (40%).

Para aprobar haberá que aprobar cada unha das partes do exame. A data deste exame de xullo será fixada oficialmente polo centro e publicada na páxina Web do centro. A este exame poderá presentarse o alumnado que suspenda algunha das destrezas da materia na primeira edición das actas.

Durante a realización das probas e exames non se permite a utilización de dicionarios, ordenadores, teléfonos móbiles, conexión a Internet ou calquera outro medio electrónico.

O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade.

Bibliografía. Fontes de información

Libro de texto: Doff, Adrian & Ben Goldstein. *English Unlimited Advanced (C1)*. Cambridge University Press, 2011. (Este é o libro que se usará nas clases e que se recomenda mercar xa antes do comezo das clases)

Gramática:

Libro de lectura obrigatoria:

Artigos de prensa: Serán recopilados ao principio do cuatrimestre de publicacións de internet e periódicos como o Washington Post www.washingtonpost.com e The Guardian www.guardian.co.uk

Diccionarios:

Collins Cobuild Advanced Dictionary . London: HarperCollins, 2009.

Gran Diccionario Oxford Español-Inglés, Inglés-Español . Oxford University Press, 2008

Jones, Daniel. *Cambridge English Pronouncing Dictionary*. Cambridge University Press, 2006.

Macmillan English Dictionary for Advanced Learners . Oxford: Macmillan, 2007

Craven, Miles. *Real Listening & Speaking 3* (with answers). Cambridge University Press, 2008.

Broukal, Milada. *Grammar in View 3: Self-Study Guide* . McGraw-Hill, 2006.

Grammar. Cambridge: Cambridge University Press, 2011.

Greenbaum, Sydney and Randolph Quirk. *A Student's Grammar of the English Language*. Essex: Pearson, 2003.

Swan, Michael & Walter, Catherine. *How English Works: A Grammar Practice Book (with answers)*. Oxford University Press,

Thornbury, Scott. *Natural Grammar*. Oxford University Press, 2004.

Pronunciación:

Hewings, Martin. *Pronunciation Tasks* . Cambridge University Press , 1993.

Vocabulario:

McCarthy, Michael & O'Dell, Felicity. *English Phrasal Verbs in Use, Advanced*. Cambridge University Press, 2002.

McCarthy, Michael & O'Dell, Felicity. *Test your English Vocabulary in Use, Upper-Intermediate*. Cambridge University Press,

Materiais en liña:

<http://www.bbc.co.uk/worldservice/learningenglish/>

<http://www.bbc.co.uk>

<http://www.voanews.com/specialenglish/index.cf>.

<http://www.edufind.com/english/grammar/>

ESL Podcasts:

<http://www.eslpod.com/toefl/>

<http://www.elliesenglish.com>

<http://www.englishclub.com>

<http://www.breakingnewsenglish.com>

<http://iteslj.org>

<http://www.bellenglish.com/>

<http://www.elcox.co.uk>

<http://www.cambridgeesol.org/exams/>

<http://www.english-online.org.uk>

<http://www.englishoutlook.com>

<http://www.aclenglish.com>

<http://www.englishpage.com>

<http://www.learningenglish.net>

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés/V01G230V01303
Idioma moderno: Idioma 1, IV: Inglés/V01G230V01403

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103

Outros comentarios

Recoméndase unha aplicación constante e seria no estudo da materia. O alumnado que non posúa o nivel de partida terá que procurar formación en inglés pola súa conta (EOI, Centro de Linguas, materiais bibliográficos, etc.).

Durante as clases o alumnado non poderá utilizar dispositivos móbiles (teléfono, tableta, PDA ou similares) nin ordenadores, a non ser que a profesora permita ou requira a utilización destes dispositivos con algunha finalidade pedagóxica.

Tamén cómpre recordar ao alumnado que deben respectar os dereitos de copyright. Ningunha parte dos libros de texto e de lectura poden ser reproducidos, alterados, editados ou usados por calquera forma ou medio, electrónico ou mecánico, inclusive fotocopias, gravacións, Internet ou sistema de almacenamento de datos, sen permiso por escrito dos autores ou editoriais.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés**

Materia	Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés			
Código	V01G230V01204			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Ripoll Delebourne, Virginia Teresa			
Profesorado	Ripoll Delebourne, Virginia Teresa			
Correo-e	vripoll@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Os obxectivos da materia son adquirir unha competencia comprensiva e produtiva de estruturas gramaticais complexas tanto na expresión escrita coma na oral, insistindo na produción e comprensión oral. O nivel que se vai atinxir é un nivel C1.2, é dicir un nivel C1 consolidado.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE30	Coñecemento de idiomas
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Repasar as bases teóricas e prácticas para afianzar o coñecemento das normas da lingua francesa e o seu correcto uso e dominio para acadar precisión e fluidez tanto na escrita coma na expresión oral.	CB1 CB5	CE18	CT6 CT22
Fomentar a capacidade de expresión e comprensión da lingua francesa a través do traballo en equipo.	CB2	CE10 CE30	CT11 CT12 CT22

Acreecentar as actividades de comprensión e expresión oral tanto para a información específica como para a información xeral.	CB4	CE4 CE18 CE30	CT15 CT23
Mellorar e ampliar o coñecemento da cultura e civilización francófonas	CB3	CE2 CE32	CT6 CT10 CT17
desenvolver o senso da conciencia lingüística das variantes das linguas coma un sistema lingüístico- cultural dos seus mecanismos gramaticais e formas de expresión	CB5	CE2 CE4 CE18 CE30	CT2 CT6 CT17
Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral	CB3	CE4 CE30	CT2 CT6 CT17
Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais o análise, creación e revisión de textos	CB2 CB4 CB5	CE4 CE18 CE27 CE30	CT2 CT4 CT6 CT9 CT17 CT23
Promover a autonomía do alumnado co fin de analizar e sintetizar todo tipo de textos escritos e orales	CB2 CB5	CE2 CE4 CE8 CE18 CE30	CT2 CT4 CT6 CT10 CT22

Contidos

Tema	
I- Comparer des objets, des situations, des personnes.	- la comparaison: les comparatifs. les pronoms personnels compléments. Les relatifs.
II- L'expression des goûts. Enoncer des jugements. Donner son opinion.	Lexique de l'opinion: adjectifs, adverbes, verbes d'opinion.
III- Introduction au texte narratif Les habitudes du passé, les actions en cours d'accomplissement. Décrire les états anciens.	Les temps du passé. La concordance des temps. Les marqueurs temporels. Valeur de l'imparfait. Opposition passé/présent Plus-que-parfait. Opposition Imparfait/ passé composé.
IV- Durée des actions. Début et fin	Marqueurs linguistiques et structures servant à se situer par rapport au temps. Simultanéité, antériorité, et postériorité.
V- Faire des Projets	L'expression du futur et de l'hypothèse.
Civilisation pays francophones	Compréhension orale, expression orale. Compréhension écrite. Fiche de lecture ou compte rendu ou résumé. Compréhension de documents.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos tutelados	1	1	2
Outros	1	10	11
Prácticas de laboratorio	12	0	12
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	13	13
Titoría en grupo	1	1	2
Sesión maxistral	30	45	75
Probos prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	3	9	12
Outras	0	23	23

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos tutelados	Presentación dun traballo sobre unha obra francesa de arte, de literatura ou cinematográfica.
Outros	Consultas de fontes electrónicas e escoita de programas de radio ou tv en francés
Prácticas de laboratorio	Exercicios de comprensión e reformulación, insistirase na expresión oral

Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma

Realización de exercicios baseados nos contidos teóricos

Titoría en grupo Titoría para as dúbidas que puidesen xurdir na preparación dos traballos tutelados

Sesión maxistral Presentación e exposición teórica na aula con axuda de medios audiovisuais

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da súa presentación final.
Prácticas de laboratorio	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da súa presentación final.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da súa presentación final.
Probas	Descrición
Outras	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da súa presentación final.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballos tutelados	Presentación dos traballos	10	CB2 CB4 CE8 CE10 CE18 CT2 CT4 CT6 CT12 CT15 CT17 CT23
Outros	practica oral	10	CB4 CE4 CE18 CE30 CT22
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Probas de coñecemento e práctica da lingua francesa	20	CB3 CB5 CE18 CT10 CT22 CT23
Outras	Proba final global teórica e práctica sobre os coñecementos adquiridos durante o curso	60	CB1 CE27 CE30 CT9 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación é contínua; para ser avaliado na materia será necesario ter entregado os traballos na data requirida, un traballo a mediados de cada mes. Tamén se tendrá en conta a participación activa no curso. As probas non entregadas o non superadas cun mínimo dedun valor de 4/10, contarán coma un cero. En caso de plaxio, a nota final é de suspenso.

Haberá una proba final, para os alumnos de avaliación continua na última semana de docencia, será publicado en faitic, ; será de contido práctico e teórico (60%). Para superar a materia se fará a media e haberá que superar cun mínimo dun 4 cada una das partes.

Para os alumnos non acollidos a esta modalidade : a nota da proba será un 100%

Os alumnos que non superen a avaliación contínua e os que non se presentaron o Final, farán en xullo unha proba final que contará coma un 100% da nota. (30/70 parte práctica e teórica)

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un suspenso global na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Bibliografía. Fontes de información

Amélie Nothomb, **Stupeurs et tremblements**, livre de poche 2004,

Ch Abbadie, B Chovelon..., **L'expression française écrite et orale**, fle PUG 2006,

Delatour, Jennepin, Léon-Dufour & Teissier., **Nouvelle grammaire du français.**, Paris : Hachette,

□ *L'expression française écrite et orale*. Ch. Abbadie, B. Chovelon, M.-H. Morsel. Grenoble : PUG, col. Flem, 2006.

□ *Nouvelle grammaire du français*. Delatour, Jennepin, Léon-Dufour & Teissier. Paris : Hachette, 2004.

□ **Activités pour le cadre commun, C1-C2. Kobert-Kleinert, M-L. Parizet, Poisson-Quinton Paris : Clé International, 2007**

Vocabulaire Progressif du français.A Leroy-Miquel& Goliot. paris Clé International, 1997.

Complémentaire:

Presse Quotidienne ou Hebdo

www.ilf.cnrs.fr Centre National de la Recherche Scientifique(Francia) Institut de linguistique Française

www.rfi.fr Radio France Internationale

www.francetelevisions.fr Site de la tv publique française

www.tf1.fr site de la chaîne privée française TF1

www.tsr.ch site de la tv Suisse Romande francophone

www.rtb.be site de la tv belge francophone

www.radio-canada.ca radio tv canadienne francophone

et tout autre document francophone.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés/V01G230V01304

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma moderno: Idioma 2, II: Alemán/V01G230V01207

Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés/V01G230V01205

Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués/V01G230V01208

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés/V01G230V01104

Outros comentarios

Recomendamos o estudo continuado da materia, a consulta da gramática recomendada para realizar os exercicios prácticos e a autocorrección.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Recoméndase a asistencia a clase e o traballo regular.

O nivel recomendado para seguir as clases é un nivel C1.1

DATOS IDENTIFICATIVOS**Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés**

Materia	Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés			
Código	V01G230V01205			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Pérez Paz, María Flor			
Profesorado	Molares Pascual, Selene Pérez Paz, María Flor			
Correo-e	mflor@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia pretende a consecución e consolidación das destrezas comunicativas e lingüísticas en grao de usuario competente. O obxectivo conxunto de Idioma 2, I: Inglés e Idioma 2, II: Inglés é o de acadar competencias orais e escritas, pasivas e tamén activas propias do nivel B2+ - C1 (Marco Europeo de Referencia). O curso terá unha orientación práctica.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostran posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE27	Capacidade de razoamento crítico
Sobral, José Manuel, *Portugal, Portugueses: Uma Identidade Nacional*, s.l., Fundação Francisco Manuel dos Santos, 2012. (ISBN: 978-989-8424-65-5).

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma 2, III: Português/V01G230V01308

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Português/V01G230V01108

Outros comentarios

Um bom domínio da língua galega facilita a aquisição rápida de um nível B1 de língua portuguesa. A leitura e a audição de textos em língua portuguesa ajudam a aumentar o léxico e a fluidez no uso da língua.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación**

Materia	Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación			
Código	V01G230V01209			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Castelán Francés Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Álvarez Lugrís, Alberto Fernández Ocampo, Anxo			
Profesorado	Álvarez Lugrís, Alberto Fernández Ocampo, Anxo Luna Alonso, Ana			
Correo-e	alugris@uvigo.es ocampo@uvigo.es			

Web

Descrición xeral O alumnado cursa esta materia en dous grupos diferentes. Nun deles, chamado grupo común, abórdase o estudo das prácticas de tradución e interpretación de maneira transversal, dende supostos antropolóxicos e mediante a observación e reprodución de fenómenos reais. Esta parte introduce a unha antropoloxía da persoa mediadora, tradutora e intérprete, e tamén aos modos de construción das relacións entre grupos humanos mediante procesos de transferencia e tradución. No outro, chamado combinado, cada estudante estará nun grupo que corresponda co seu idioma I. Propóranse nel sesións participativas nas que se responderá a encargos de tradución para experimentar estratexias, reflexionarase sobre as normas actuais da profesión e aplicaranse nocións teóricas de TI a contextos reais. O alumnado afianzará o seu manexo das ferramentas informáticas para abordar os aspectos esenciais dos procesos de tradución e da xestión de proxectos, como son a análise textual, as correspondencias entre idioma I e lingua A, a ortotipografía, o emprego de dicionarios e fontes documentais, etc. Non é preciso que as traducións realizadas polo alumnado acaden a calidade final esixida nos niveis superiores do grao de tradución e interpretación.

No seu conxunto, a materia trata de ofrecer un panorama da profesión e do rol dos seus protagonistas, situando o ser humano no centro da actividade e do estudo da disciplina. Considérase ademais que o tema de estudo non só é o texto traducido, escrito ou oral, senón calquera outro obxecto cuxa función dependa dun suposto de transferencia. Téntase familiarizar o alumnado co ámbito profesional, orientando circunstancias da súa vida persoal cara a aprendizaxe dese universo, dando a coñecer o valor do tempo de traballo, comprendendo a necesaria relación entre profesional e erro, evitando os principais erros metodolóxicos nos procesos de tradución, predispoñendo a recoñecer mercados e oportunidades de traballo e comprendendo o funcionamento das cadeas de actores mediadores nesas actividades.

Competencias**Código**

CB1	Que os estudantes demostran posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo

CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT14	Motivación pola calidade
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Crear un espírito crítico e autocrítico.	CB1	CE10	CT9
	CB2	CE17	CT14
Mediante unha formación dirixida, e mediante a súa propia función como observador participante, o alumnado aprenderá a recoñecer a diversidade das modalidades, a identificar prácticas cotiás de TI, coñecer prácticas diferentes das convencionais e comprender o funcionamento das cadeas de actores mediadores nas prácticas de TI.	CB3	CE24	
Saber cales son os criterios que definen unha actuación pertinente, relevante e oportuna dentro da situación profesional, como afastarse deles e que consecuencias terá esa decisión.	CB1	CE1	CT1
	CB2	CE2	CT7
Nesta materia, o alumnado iníciase por primeira vez aos aspectos xerais da tradución. Entre as subcompetencias derivadas desta, figuran as que lle permiten iniciarse á análise e ao estudo dos textos para a súa tradución, como son comezar a aplicar nocións teóricas á práctica da TI, adquirir ferramentas de análise textual crítica, aprender a evitar os principais erros ou iniciarse ao emprego de fontes documentais.	CB3	CE3	CT8
	CB4	CE4	CT9
		CE12	
		CE21	
		CE22	
		CE27	
Dominar os mundos textuais e non-textuais das culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais e, sobre todo, o rol do tradutor entre elas.	CB1	CE1	CT4
	CB2	CE2	CT9
	CB3	CE3	
	CB4	CE4	
Para acadar esta competencia nas clases da materia, cómprelle ao alumnado: -Recoñecer o ser humano como principal axente e obxecto do estudo da TI. -Concibir tanto a tradución como a interpretación como dinámicas propias do intercambio simbólico e económico entre calquera sistema, ao tempo que adquire nocións históricas e sociais do oficio da TI.		CE12	
		CE17	
		CE24	
Aprender a traballar en equipos de carácter transdisciplinar. A persoa profesional da tradución e da interpretación é un ser social cuxo oficio consiste precisamente en garantir que un ben (xeralmente un texto) circule eficazmente entre sistemas diferentes ou entre equipos diferentes con demandas específicas. Para isto é preciso desenvolver a capacidade de traballar en equipo, tanto entre tradutores e intérpretes como entre profesionais e axentes con funcións diferentes dentro dun proceso de produción ou de mediación.	CB2	CE10	CT6
	CB3	CE12	CT7
	CB4	CE17	CT8
	CB5	CE21	CT9
		CE24	CT14
		CE27	CT19
Aumentar o grao de confianza do alumnado nas súas propias capacidades: autoconcepción da persoa tradutora profesional.	CB1	CE24	
	CB2		
Esta competencia permitiralle ao alumnado:	CB3		
- Adquirir conciencia como axente da TI.	CB4		
- Predispoñelo a identificar mercados e oportunidades para a actividade profesional.	CB5		
- Comprender o funcionamento e o valor de todo tipo de normas.			

Contidos

Tema	
Grupo común: 0. Presentación.	Grupo común: 0. Presentación.
Grupo combinado: 0. Presentación.	Grupo combinado: 0. Presentación.

Grupo común: 1. Axentes e culturas da tradución	Grupo combinado: 1.1. Concepto(s) de tradución 1.2. A tradución en Galicia. Ética e compromiso da tradución. 1.3. Paratradución e políticas de tradución.
Grupo combinado 1. A tradución e a paratradución como obxectos de estudo científico.	
Grupo común: 2. Teorías antropolóxicas aplicables.	Grupo combinado: 2.1. A tradución no proceso de comunicación. 2.2. Concepto(s) de texto. Estándares da textualidade. 2.3. Texto, cotexto, contexto, peritexto, epitexto, paratexto.
Grupo combinado: 2. Proceso de tradución e análise textual.	
Grupo común: 3. Distancia e exotismo.	Grupo combinado: 3.1. Diferenzas na representación lingüística. 3.2. Interferencias e calcos.
Grupo combinado: 3. Correspondencias e discrepancias morfosintácticas entre idioma I e lingua A.	
Grupo común: 4. Historia contemporánea: exercicios de poder.	Grupo combinado: 4.1. Particularidades ortotipográficas. Redacción bibliográfica.
Grupo combinado: 4. Ortografía, tipografía e puntuación.	
Grupo común: 5. Historia contemporánea: habitus e conciencia profesional	Grupo combinado: 5. Emprego de dicionarios e fontes documentais. Macroestrutura e microestrutura dos dicionarios.
Grupo combinado: 5. Emprego de dicionarios e fontes documentais. Macroestrutura e microestrutura dos dicionarios.	
Grupo común: 6. Escritura e formas materiais	Grupo combinado: 6. Análise e estudo dos textos para a tradución.
Grupo combinado: 6. Análise e estudo dos textos para a tradución.	
Grupo común: 7. Unha paisaxe de signos sempre interpretables	7. Unha paisaxe de signos sempre interpretables

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	19	38	57
Resolución de problemas e/ou exercicios	19	38	57
Foros de discusión	0	10	10
Debates	5	0	5
Estudo de casos/análise de situacións	3	7.5	10.5
Traballos e proxectos	3	7.5	10.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	O docente dunha sesión maxistral non é o único que intervéñen, pois este formato está aberto ao diálogo e ás preguntas do alumnado. O docente explicará coa maior claridade os conceptos cos que se pretende traballar así como a metodoloxía a seguir. Ofrecerase un coñecemento progresivo dos contidos da materia, amecéndooos con referencia ás sesións anteriores e ás que están por vir. A asistencia ás sesións maxistras é requisito para a avaliación continua.
Resolución de problemas e/ou exercicios	A sesión de resolución de exercicios refírese a dúas modalidades: exercicios de tradución, estreitamente coordinados polo profesor, nos que a énfase irá posta nas etapas iniciais do proceso; e exercicios de sensibilización sobre temas diversos da antropoloxía das prácticas, nos que se lle pedirá ao alumnado que aplique o aprendido, nesta e nas demais materias. Os exercicios de tradución ou interpretación reproducirán situacións iniciais dunha encarga no medio profesional. Os exercicios de sensibilización irán vinculados aos aspectos teóricos explicados en sesións maxistras. Deste xeito, enténdese que as sesións de resolución de exercicios conteñen unha dimensión teórica esencial, que será explicada polo docente aproveitando o contexto de cada exercicio. A asistencia ás sesións de resolución de exercicios é requisito para a avaliación continua.
Foros de discusión	A participación nos foros de discusión ten carácter avaliador. Preténdese que cada estudante reflexione e participe con intervencións escritas sobre cada tema proposto polo docente ou por calquera membro do foro.

Debates	A partir de cada parte temática, e sempre vinculados coas lecturas a disposición en FAITIC, a clase vólvese participativa arredor dun debate, que suscitará a opinión do alumnado. As conclusións do debate, enunciadas ao remate de cada sesión polo profesor, poderán ser empregadas para construír argumentos nos informes dos foros de discusión. A asistencia aos debates é requisito para a avaliación continua.
---------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Foros de discusión	As sesións maxistras, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudiante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Sesión maxistral	As sesións maxistras, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudiante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Debates	As sesións maxistras, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudiante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Resolución de problemas e/ou exercicios	As sesións maxistras, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudiante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Probas	Descrición
Estudo de casos/análise de situacións	As sesións maxistras, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudiante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.

Traballos e proxectos As sesións maxistras, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.

Avaliación					
Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Sesión maxistral	Dado que nas sesións maxistras se lles ofrecerán ós alumnos e alumnas os conceptos e as ferramentas de traballo básicos, a avaliación destes contidos farase tanto a través dos exames escritos como dos outros tipos de probas contemplados nesta guía como, por exemplo, comentarios de artigos previamente seleccionados. No caso dos comentarios de artigos, estes redactaranse en función de normas que se explicarán en sesión maxistral. A bibliografía obrigatoria estará dispoñible na plataforma de ensino a distancia ó comezo do semestre. A bibliografía poderá estar en varias linguas, aínda que se procurará garantir a igualdade de oportunidades de acceso ós contidos entre idiomas I.	20	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE10 CE12 CE22 CE24 CE27	CT1 CT4 CT6 CT7 CT8 CT14
Resolución de problemas e/ou exercicios	Presentaráselles ós estudantes diferentes tipos de exercicios que fagan referencia ós contidos desenvolvidos nos temas. Poderán ser exercicios de tradución, pero tamén outros como: emisión de facturas, redacción de encargos, elaboración de informes, análise de traducións e doutros tipos de textos, etc.	35	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE10 CE12 CE17 CE21 CE22 CE24 CE27	CT1 CT4 CT6 CT7 CT8 CT9 CT14 CT19
Foros de discusión	A participación nos foros de discusión ten carácter obrigatorio. Preténdese que cada estudante reflexione e participe con intervencións no intercambio de interpretacións sobre o tema de aprendizaxe, e que participe neles dentro dos prazos sinalados.	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE12 CE17 CE22 CE24	CT4 CT6 CT7 CT8 CT14 CT19
Estudo de casos/análise de situacións	No estudo de casos presentaráselles ós estudantes simulacros de situacións reais nas que terán que analizar as circunstancias concretas e tomar decisións ou analizar as decisións tomadas por outros. Tamén se lle poderá solicitar ao alumnado que adapte a simulación presentada nas aulas a unha determinada práctica da tradución. Na avaliación terase en conta non só o resultado do estudo senón tamén a metodoloxía e os criterios de análise empregados.	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE12 CE17 CE22 CE24 CE27	CT1 CT4 CT6 CT7 CT9 CT14 CT19
Traballos e proxectos	Os alumnos poderán elixir un tema de traballo co cal demostrar que entenderon, asimilaron e saben empregar os conceptos e ferramentas presentados ó longo do curso. É dicir, terán que demostrar (dunha forma máis autónoma ca noutras actividades) que adquiriron e dominan as competencias da materia.	15			

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continúa

A presencialidade enténdese dentro e fóra das aulas. A avaliación das actividades de carácter non presencial concirne principalmente a participación nos foros de discusión, ó longo dos cales o estudantado deberá entregar, dentro dos prazos acordados, comentarios sobre os temas dos contidos, así como informes de lectura de documentos previamente propostos. A avaliación destes traballos farase consonte os criterios de corrección e adecuación aos contidos do curso que se empregarán na avaliación das actividades presenciais.

A avaliación continúa da parte común (grupos A) farase atendendo ó seguinte calendario:

1. Proba 1 sobre as unidades 1, 2 e 3, que poderá consistir nunha proba presencial ou nun traballo. A proba realizarase ou entregarse na data de marzo de 2016 que se lle comunique ó alumnado a comezos de curso.

2. Proba 2 sobre as unidades 4, 5, 6 e 7, que poderá consistir nunha proba presencial ou nun traballo. A proba realizarase ou entregarse na data de maio de 2016 que se lle comunique ó alumnado a comezos de curso.

A avaliación continúa da parte combinada (Grupos C) incluírá un exame que se celebrará o derradeiro día de clase do cuadrimestre.

No que atinxe ás segundas convocatorias e seguintes, o protocolo de proba será o mesmo, polo que as convocatorias se resolverán de idéntica maneira.

Convocatoria da primeira edición de actas (xuño de 2016)

O alumnado que non opte pola avaliación continúa fará un exame final na sesión de clase que, respectivamente para a parte común e a parte combinada, sexa a derradeira do cuadrimestre.

O alumnado interesado terá que realizar obrigatoriamente as dúas partes, e deberá presentarse obrigatoriamente a estas sesións. No caso da parte común, o exame poderá consistir nunha proba presencial ou nun traballo.

En caso de aprobar unha das partes e suspender a outra, o alumno non terá que repetir na convocatoria de xullo a parte aprobada. A nota da parte aprobada conservárase ata a convocatoria de xullo de 2016 e fará media coa da outra parte en caso de que esta sexa aprobada en xullo.

Convocatoria da segunda edición de actas (xullo de 2016)

Na convocatoria de xullo de 2016 os alumnos farán un exame final de toda a materia, ou ben da parte suspensa ou non presentada na convocatoria anterior. O exame celebrárase na data fixada pola facultade e constará dunha parte teórica (50%) e outra práctica (50%).

O alumnado interesado terá que realizar obrigatoriamente as dúas

s partes.

Bibliografía. Fontes de información

ÁLVAREZ, Rosario & XOVE, Xosé, **Gramática da lingua galega**, Vigo: Galaxia.,

BAHADIR, Sebnem, **Moving In-Between: The Interpreter as Ethnographer and the Interpreting-Researcher as Anthropologist**, *Meta*, 49:4, pp. 805-821.,

BUZELIN, Hélène, **La traductologie, l'ethnographie et la production des connaissances**, *Meta*, 49:4, pp. 729-746.,

DOSIL LÓPEZ, Benxamín & RIVEIRO COSTA, Xesús, **Dicionario de ortografía da lingua galega**, A Coruña: Galinova.,

EVEN-ZOHAR, Itamar, **A posición da tradución literaria dentro do polisistema literario**, Trad. de Gómez Clemente, Noia Campos e Sola Bravo, *Viceversa*, 2, pp. 57-65.,

GÓMEZ GUINOVART, Xavier; ÁLVAREZ LUGRÍS, Alberto & DÍAZ RODRÍGUEZ, Eva, **Dicionario moderno inglés-galego**, Santiago de Compostela: 2.0 Editora,

GOUADEC, Daniel, **Faire traduire**, París: La Maison du Dictionnaire,

GOVE, Philip Babcock (ed.), **Webster's Third New International Dictionary of the English Language Unabridged**, Colonia: Könnemann,

INGHILLARI, Moira, **Mediating Zones of Uncertainty. Interpreter Agency, the Interpreting Habitus and Political Asylum Adjudication**, *The Translator*, 11:1, pp. 69-85.,

LAPLANTINE, François, **Le social et le sensible. Introduction à une anthropologie modale**, París: Téraèdre.,

LAPLANTINE, François & NOUSS, Alexis, **Métissages : de Archimboldo a zombi**, París: Pauvert.,

MOSSOP, Brian, **Revising and editing for translators**, Manchester, Northampton: St. Jerome,

NOIA CAMPOS, María Camino, **Historia da tradución en Galicia no marco da cultura europea**, *Viceversa*, 1, pp. 13-62.,

RAE, **Diccionario de la lengua española [Recurso de Internet]**, 22ª ed.,

RAG-ILGA, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, 18ª ed. revisada. A Coruña: RAG-ILGA.,

RUBEL, Paula G. & ROSMAN, Abraham (eds.), **Translating Cultures. Perspectives on Translation and Anthropology**, Oxford: Berg.,

STURGE, Kate, **Representing the Others: Translation, Ethnography and the Museum**, Manchester: St. Jerome.,

VVAA, **Gran Dicionario Xerais da Lingua Galega**, Vigo: Xerais.,

No caso dos dicionarios, poderanse empregar tanto os indicados na bibliografía coma outros equivalentes: Galaxia século XXI para o galego; Oxford English ou Collins Cobuild para o inglés etc.

Outros comentarios

Cada estudante seguirá a docencia desta materia dentro de dous grupos diferentes: un grupo chamado común, composto por persoas matriculadas sen distinción por combinación lingüística, e un grupo chamado combinado, composto por persoas que comparten un mesmo idioma de traballo.

Para comezar a cursar esta materia os alumnos e alumnas deberán posuír certos coñecementos e destrezas previos que se consideran ferramentas básicas de traballo:

- dominio das normas cultas das linguas de traballo e corrección na expresión oral e escrita
- lectura comprensiva de textos (detección de dúbidos sentidos, intencionalidades ocultas, ironía, manipulación ideolóxica, etc.) escritos nas linguas de traballo
- coñecementos básicos de ofimática, comunicación electrónica e internet: procesador de textos, correo electrónico, navegadores, dicionarios e enciclopedias electrónicos, correctores ortográficos, etc.
- uso eficiente dos fondos das bibliotecas, fontes de documentación e dicionarios

Para conseguir estes prerrequisitos proponse o seguinte plano de traballo que o alumno debería desenvolver antes de comeza-lo período de docencia ou durante as 4 primeiras semanas do cuadrimestre:

- estudo das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas de traballo (véxase apartado de bibliografía)
 - exercicios de lectura de todo tipo de textos escritos nas linguas de traballo
 - traballo práctico co ordenador para familiarizarse co seu manexo, cos distintos programas e cos diferentes formatos textuais
 - sesións de traballo práctico na rede: busca e consulta de fontes de documentación (dicionarios, enciclopedias), xestión de contas de correo electrónico, envío de arquivos etc.
 - asistencia ós cursos de formación ofrecidos pola Biblioteca xeral e pola biblioteca da facultade
-

DATOS IDENTIFICATIVOS**Introdución á teoría da tradución e a interpretación**

Materia	Introdución á teoría da tradución e a interpretación			
Código	V01G230V01210			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, José Henrique			
Profesorado	Pérez Rodríguez, José Henrique			
Correo-e	jhpr@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/jhpr			
Descrición xeral	Aprendizagem dos conteúdos de tipo teórico necesarios para formar-se como tradutor / intérprete e desenvolvemento das capacidades necesarias para aplicar esses conteúdos a supostos prácticos. O curso está estruturado en cinco grandes blocos. O primeiro deles aborda a realidade da tradución de un punto de vista epistemolóxico, tentando delimitá-la e defini-la ao tempo que som analizadas as súas relacións con outras realidades afíns. No segundo bloco som fornecidos algúns coñecementos xerais (externos) sobre as línguas e a tradución, abordando o tema da posibilidade da tradución. No terceiro bloco, que constitui o núcleo do programa, é mostrada a evolución recente da tradutología mediante a referencia a certos autores e escolas seleccionados, ao tempo que se procederá a abordar, nesse quadro, aspectos centrais da análise. No cuarto bloco som acrescentados certos estudos recentes realizados a partir de disciplinas como psicolingüística, a sociolingüística, etc. Finalmente, o quinto e último bloco estará centrado na realización de comentarios tradutolóxicos e em aspectos relativos à profissom de tradutor.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias	
Saber enquadrar epistemologicamente a tradutologia e valorizar a súa relación con outras disciplinas afíns.	CB1	CE9 CE12 CE21	CT6
Conhecer os límites e as posibilidades da tradución	CB1	CE9 CE18 CE25 CE27 CE32	CT6
Adquirir coñecementos de tipo xeral acerca de aspectos de tipo histórico, tipolóxico e sociolingüístico no referido ás linguas e culturas de traballo na titulación	CB1 CB3	CE8 CE12 CE13 CE25 CE26 CE32	CT6 CT23
Adquirir a destreza básica necesaria para realizar traducións en ambientes dixitais		CE8 CE13 CE14 CE22	CT5 CT6 CT22 CT23
Mostrar un coñecemento teórico e un uso correcto e coherente da lingua propia.		CE3	
Ser capaz de realizar unha aplicación práctica satisfactoria dos coñecementos de tipo teórico adquiridos na materia	CB2 CB4	CE17 CE18	CT22
Adquirir un coñecemento panorámico acerca da evolución dos estudos de tradución até os nosos días	CB1 CB3	CE8 CE12 CE25 CE26 CE27	CT6 CT9 CT23
Assimilar os aspectos e pólos centrais da análise tradutolóxica	CB3 CB4 CB5	CE8 CE12 CE13 CE21 CE24 CE26	CT6 CT9 CT23
Recoñecer as diferentes perspectivas teóricas que están a abordar actualmente o fenómeno da tradución/interpretación	CB3	CE12 CE13 CE21 CE26 CE27	CT6 CT9
Ser capaz de realizar un comentario tradutolóxico	CB2	CE8 CE13 CE17 CE18 CE27	CT6 CT9 CT22 CT23
Conhecer aspectos básicos relativos à profesión de tradutor/intérprete	CB2	CE9 CE21	CT8

Contidos

Tema	
Definición e delimitación da tradución e da interpretación	1. Tentativas de definición 2. Realidades afíns
As linguas e a tradución	3. Noções tipolóxicas, históricas e sociolingüísticas 4. A posibilidade da tradución 5. Cooperación, comunicación, linguaxe e tradución. A tradución no quadro dos comportamentos cooperativos de base lingüística
Evolución dos estudos de tradución	6. Etapa preteórica 7. A tradución enfocada da estilística comparada e da lingüística contrastiva: Vinay e Darbelnet, Catford... 8. Nida: a tradución como fenómeno intercultural. Outros autores de transición 9. O nacemento da tradutología. Organización da disciplina (Holmes) 10. Teoría do sentido 11. Funcionalismo e Teoría dos polissistemas
Novas perspectivas	12. Abordaxe psicolingüística: o estudo do proceso 13. Textología e tradución. Corpora e tradución

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	1.5	3	4.5
Sesión maxistral	43.5	99	142.5
Probas de resposta curta	1.5	0	1.5
Probas de tipo test	1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os alumnos e alunas deberán realizar actividades de xeito autónomo, a partir dos coñecementos e situacións fornecidos nas aulas.
Sesión maxistral	Nas sesións magistrais o docente transmitirá aos alumnos os coñecementos básicos de tipo teórico acerca da Teoría da Tradución. Procurará-se a participación do alumnado mediante o fomento de debates de grupo, tormentas de ideas, etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O docente ficará à disposición dos alumnos para resolver as dúbidas que puideren surgir en relación aos contidos da materia

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Haverá tamén unha cuarta proba, consistente na exposición e elaboración por escrito de contidos teóricos, que será realizada de xeito autónomo polos estudantes e deberá ser entregada ao longo da segunda semana de abril.	40	CB2 CE3 CT5 CB3 CE13 CT6 CB4 CE14 CT22 CB5 CE18 CT23 CE21 CE24 CE27
Sesión maxistral	Os coñecementos adquiridos por medio das sesións magistrais serán avaliados mediante tres probas. Estas actividades consistirán en probas de tipo teste / resposta curta e serán realizadas ao longo das terceiras semanas de marzo, abril e maio, respectivamente.	60	CB1 CE8 CT6 CB3 CE9 CT8 CE12 CT9 CE17 CE21 CE25 CE27 CE32

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder acolher-se ao sistema de avaliación continua é preciso ter realizado a totalidade das probas e encomendas formuladas durante o curso. Para pasar a materia é preciso obter como mínimo unha nota media de aprobado no conxunto das probas.

Os alumnos que optarem pola avaliación única serán examinados exclusivamente mediante unha única proba, correspondente ao conxunto da materia, que será de tipo teste / resposta curta e terá lugar na terceira semana de maio.

Os alumnos que seguirem o procedemento de avaliación continua e non tiverem superado o conxunto de probas e traballos establecidos, ou tiverem perdido a posibilidade de continuar este sistema de avaliación (inassistencia, non realización dos traballos ou testes, apreciación de plágio ou copia en algun dos traballos...), terán perdido esa convocatória. No caso de assim desexarem, poderán acudir à convocatória de xullo ou a convocatórias posteriores.

A convocatória de xullo tamén consistirá nunha única proba, correspondente ao conxunto da materia, e será de tipo teste / resposta curta.

Os alumnos e alunas de intercambio poderán optar por examinar-se mediante avaliación continua ou avaliación única. Neste

último caso poderám optar por umha prova específica consistente no desenvolvemento por escrito dos conteúdos teóricos da matéria e que poderám realizar em galego (ou português), inglês, castelhana ou francés.

Bibliografía. Fontes de información

Barbosa, Heloísa Gonçalves; *Procedimentos Técnicos da Tradução*, Campinas, Pontes, 2004.

Binder, P. M., & Smith, K.; *The Language Phenomenon: Human Communication from Milliseconds to Millennia*, The Frontiers Collection. ISBN 978-3-642-36085-5. Springer-Verlag Berlin Heidelberg, 2013.

Hurtado Albir, Amparo; *Traducción y traductología : introducción a la traductología*, Madrid, Cátedra, 2011.

Lvóvskaya, Zinaida; *Problemas actuales de la traducción*, Granada, Granada Lingvística, 1997.

Nord, Christiane; *Text Analysis in Translation*, Amsterdam-Atlanta, Rodopi, 2005.

Reiß, Katharina & Vermeer, Hans J.; *Towards a General Theory of Translational Action. Skopos Theory Explained*, St. Jerome Publishing, (trad. por Ch. Nord) 2013.

Viaggio, Sergio; *Teoría general de la mediación interlingüe*, Alicante, UAL, 2004.

Villar, Francisco; *Los indoeuropeos y los orígenes de Europa. Lenguaje e Historia*, 2ª ed. Gredos, 1995

Williams, Jenny, *Theories of Translation*, Palgrave macmillan, 2013.

Recomendacións
